

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xuño de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D^a M^a. Carmen Silva Rego,
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados:

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(752).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 15 de xuño de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde–presidente.

2(753).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, DE DATA 19.06.15, DE NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.

Dáse conta da referida Resolución de Alcaldía, de data 19.06.15, que di o seguinte:

En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionadas con cargo aos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Gallego Sanromán, Leticia
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Rodríguez Calviño, Patricia
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	López Villar, Ana Belén
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Solleiro Sanz, Iago

Segundo.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Cuarto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(754).- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Contratación, do 23.06.15, que di o seguinte:

O órgano de contratación do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, a tenor do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), deberá ser asistida por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas (artigo 320.1 TRLCSP).

A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 320.2 TRLCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario (artigo 320.3 TRLCSP).

Por imperativo legal so é necesario que a Mesa de contratación asista ós órganos de contratación das administracións públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 169.2. Nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncio de licitación a constitución da Mesa será potestativa (artigo 320.1 en relación co 169.2 TRLCSP). Non entanto, para a mellorar a asistencia da Xunta de Goberno Local na conformación da súa vontade de adxudicación, resulta axeitado que a constitución da Mesa sexa preceptiva en tódolos procedementos negociados sexa cal sexa o valor estimado da contratación a realizar, é dicir, requiran ou non requiran publicación de anuncio.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 320.3 TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, órgano colexiado de asistencia e proposta en materia contractual, estará integrada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. David Regades Fernández, Concelleiro delegado de Contratación. Suplentes:

- D. Javier Pardo Espiñeira
- D. Carlos López Font
- D. Santos Héctor Rodríguez
- Dna. María José Caride Estévez
- Dna. M^a Jesús Lago Rey

2. Vogais:

- D. Javier Pardo Espiñeira, suplentes: D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, Dna. María José Caride Estévez e Dna. M^a Jesús Lago Rey.
- Dna. Elena Muñoz Fonteriz, suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias.
- D. Rubén Pérez Correa, suplentes: Dna. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez.

3. Titular da Asesoría Xurídica

Suplentes:

- *D. Pablo Olmos Pita, Técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica*
- *D^a. Susana García Álvarez, Técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica.*
- *D. Xesús Costas Abreu, Técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.*

4. Interventor Xeral:

Suplentes:

- *D^a. Catalina Alfayate Rodriguez, Técnico de fiscalización e control financeiro*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.*
- *D. Javier Muradas Blanco, Técnico Medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral.*

5. Secretario Xeral do Pleno:

- *Suplente: Secretario da Administración Municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

6. Xefe do servizo xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue.

7. Secretario:

- *D^a Beatriz Barbara Rodríguez, xefa do servizo de Contratación.*
- *D. José Manuel Vieites Alén, xefe da oficina administrativa de Contratación.*
- *Suplente: D. Lucio Varela Borroguero, técnico de administración xeral.*

Segundo: *En casos de ausencia ou enfermidade, e en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes.*

Terceiro: *A Mesa de Contratación constituirase preceptivamente ó obxecto de formular proposta de adxudicación en tódolos procedementos negociados, requiran ou non publicación de anuncio, tendo encomendada a negociación dos aspectos económicos e técnicos do contrato, excepto nos casos nos que no acordo de aprobación do expediente se determine outra cosa.*

Cuarto: *Cando nos procedementos abertos ou restrinxidos se atribúa a criterios que dependan dun xuízo de valor unha puntuación superior ós criterios avaliábeis automaticamente por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, a Xunta de Goberno Local nomeará un Comité de Expertos dun mínimo tres membros con cualificación adecuada non integrados na dependencia ou servizo propoñente do contrato. A Mesa, previas as aclaracións que estime pertinentes, incorporará a puntuación do Comité á puntuación posterior que realice dos criterios de aplicación automática resultando de todo elo a avaliación das distintas ofertas.*

Quinto: *Notificar, a través do Servizo de Contratación o presente acordo ós interesados, proceder a súa publicación no BOP e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(755).- MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVDA. CASTELAO. EXPTE. 636/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 23.06.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostenible.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.
- Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

O xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, en auto de data 23 de xaneiro de 2015, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., sociedade instrumental creada por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., para xestionar a concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, que lle foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007.

Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

Á vista da situación plantexada polo concurso da sociedade instrumental creada para a xestión dunha concesión de servizo público municipal, o órgano de contratación, entre as medidas adoptadas, en data 17 de abril de 2015, acordou *“a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese público en relación co servizo público de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato”*.

En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L, que foron emitidos en datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, respectivamente. Dos devanditos informes, como se expoñerá na fundamentación xurídica da presente proposta se desprende a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato, extremos que serán obxecto de análise no presente informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-|-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

–Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

-II-

Con carácter previo á análise dos informes sobre a situación actual da concesión e as medidas a adoptar, elaborados pola Intervención Municipal e a consultora SEIXAS, conviría describir someramente as vicisitudes deste contrato dende o inicio do período de execución.

Constitúe o obxecto deste contrato, segundo a cláusula 2 do PCAP “a redacción dos proxectos, a execución das obras de construción e a subseguinte prestación do servizo público de aparcadoiro a realizar mediante concesión administrativa nos aparcadoiros subterráneos que se constrúan repartidos nos lotes que se citan a continuación:

- Lote nº 1: Rúa Areal; Rúa Policarpo Sanz e Rúa Pintor Colmeiro.
- Lote nº 2: Avenida de Castelao, Rúa Jenaro de la Fuente e Rúa Rosalía de Castro”.

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

Comezou a execución do lote 2 deste contrato coa redacción dos proxectos construtivos e a súa posterior aprobación, en resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008, firmándose as actas de comprobación de replanteo en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro I e II). Tras a comprobación do replanteo, se iniciaron as obras de construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a acta de comprobación dos mesmos e autorizou a súa apertura ó servizo público.

O aparcadoiro de Rosalía de Castro (no sucesivo, Rosalía I) leva anexo un aparcadoiro de residentes (en adiante, Rosalía II). En data 29 de setembro de 2008, se firmou a acta de replanteo, comezando as obras de construción do mesmo. No entanto, as mesmas foron paralizadas en 2009, sen que a concesionaria solicitase a suspensión das mesmas nin comunicase esta circunstancia ó órgano de contratación.

O aparcamento da rúa Rosalía de Castro atopase no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. Esta circunstancia determinou que fose necesaria recabar autorización do proxecto da administración autonómica, requisito previo ó inicio das obras. Solicitada esta, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, impuxo ó concesionario a obriga de realizar sondaxes arqueolóxicas. Como resultado das mesmas, atopáronse restos arqueolóxicos pertencentes a diversas épocas históricas, razón pola que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, como requisito previo á autorización do proxecto, esixiu unha ampliación das intervencións arqueolóxicas.

Esta circunstancia propiciou que o concesionario solicitase da XGL a modificación da traza do aparcadoiro Rosalía I, reducíndoa, para deixar fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro

comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro. Con esta nova traza pretendía evitar incorrer en maiores gastos, máxime sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das prospeccións. A nova traza implicaba un custo menor por canto reducía o número de catas a realizar e se evitaba a realización da escavación en área. O concesionario renunciou a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implicaba esta modificación de planta solicitada.

En data 4 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou modificar a traza segundo o solicitado, e requirir á concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza. Este proxecto foi presentado en data 15 de decembro de 2009. No entanto, durante a tramitación do mesmo, a Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2, cuxo ámbito de actuación coincidía parcialmente co dos aparcadoiros de Rosalía de Castro I e II, solicitou autorización municipal, para urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón. Tendo en conta que as obras de Rosalía de Castro I non comezaran e que as de Rosalía de Castro II estaban paralizadas sen xustificación, e tras diversos requirimentos realizados pola Administración municipal a concesionaria respecto a reanudación das obras de Rosalía de Castro II sen resposta, se acordou acceder ó solicitado. Como consecuencia desta urbanización as obras de Rosalía de Castro II quedaron sepultadas.

Realizada a urbanización, a concesionaria, presenta un novo proxecto, que supoñía unha nova modificación da traza, reducíndoa de novo, para minimizar a incidencia da construción do aparcadoiro na nova urbanización executada, formulando renuncia a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implicaba a nova modificación de planta solicitada.

En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, á vista da citada solicitude, acordou unha nova modificación da traza do aparcadoiro, así como someter ó proxecto construtivo do aparcadoiro ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, con carácter previo á aprobación do mesmo.

Durante a tramitación deste último procedemento de modificación, a concesionaria solicitou, primeiro o reequilibrio económico da concesión, e antes de que finalizase o prazo de resolución desta solicitude, a resolución do contrato. Ambas solicitudes foron denegadas en resolución da Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2013. A concesionaria interpuxo contra este acordo, recurso contencioso-administrativo, ditándose sentenza en data 25 de marzo de 2014 polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo desestimando as súas pretensións. Contra a mesma, PUENTES recorreu en apelación, sendo desestimado o recurso en sentenza de data 2 de outubro de 2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En data 23 de xaneiro de 2015, en auto do xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, declarouse a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en concurso voluntario de acredores.

-III-

Analizaremos a continuación os informes sobre a situación actual da concesión.

O informe do Interventor Municipal, de data 12 de maio, partindo da premisa da situación de concurso na que se atopa a sociedade instrumental creada para a xestión do contrato, pretende *“a procura de alternativas que eviten a liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, xa que, tendo en conta a demanda incidental do Banco Popular, que me foi remitida pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica o 21/04/2015, na que fai notar que da resolución*

se derivaría unha RPA de 17.615.827,00 euros, así como a acción da mercantil xestora da concesión, o Concello podería atoparse nunha situación de incerteza de concretarse a acción pretendida por aplicación do artigo 169 do TRLCAP, que estaría cuantificada no investimento feito pendente de recuperar”.

No punto IV do informe se analizan as alternativas posibles para resolver a situación plantexada:

- a) Manter o contrato, esixindo o cumprimento do mesmo coa execución dos aparcadoiros de Rosalía Castro: I e II.
- b) Adoptar acordos para resolver a viabilidade do contrato, buscando alternativas entre as que se atoparía a modificación do contrato, explorando tecnicamente a viabilidade económica dos aparcadoiros de Rosalía Castro.
- c) Concluir coa liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES.

Como resultado deste análise, conclúe que:

- Executar o contrato nos termos previstos implicaría *“unha hipotética indemnización inicial de 17.680.110,17 euros, e se se executa o aparcadoiro de Rosalía Castro I, esa contía sería de 38.330.110,17 euros”*. Se ben, no seu caso, desa contía habería deducir a indemnización dos danos e prexuízos orixinados ó Concello pola concesionaria. Polo que, a xuízo do interventor, *“Non parece prudente optar por esta alternativa, xa que ao problema actual se lle estaría engadindo o derivado da construción do aparcadoiro de Rosalía Castro I e II. Ademais, e sendo este extremo o máis importante, non habería posibilidade de dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto”*.
- A liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES implicaría facer fronte a contía do investimento, e indemnizar á concesionaria en 17.680.110,17 euros, consonte o previsto no artigo 169 do TRLCAP. Di o respecto o citado informe que *“o custe posible para o Concello sería o de facer fronte a esta indemnización ou se fose o caso, a RPA, do que habería que deducir a indemnización por danos e prexuízos a favor desta administración. En todo caso, esta alternativa tampouco permitiría dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto”*.
- A modificación do contrato non executando a parte do obxecto contractual pendente por razóns de interese público é, a xuízo do Interventor, a única opción posible para garantir o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, sempre e cando con elo se garanta a viabilidade do contrato.

O informe da consultora SEIXAS, de data 19 de xuño de 2015, se centra en tres aspectos:

- A determinación do prezo das obras e instalacións dos estacionamentos obxecto da concesión.
- As causas da situación actual da concesionaria, para valorar se as dificultades proceden da xestión ou se se produciron causas obxectivas e exógenas á xestión que provocaron a situación concursal.
- O estudo da viabilidade económica da concesión.

Polo momento, nos centraremos no análise da viabilidade da concesión. Comeza por aclarar que entende por viabilidade *“xerar as condicións que permitan atender ao servizo público da concesión, o que ten coma condición necesaria atender aos fluxos de caixa precisos para iso. Daquela, procuramos unha viabilidade financeira para cumprir co servizo, e non a recuperación*

das taxas de retorno previstas no PEF da concesión, que son obxecto do risco e ventura da propia concesionaria” (apartado 1).

Tras realizar un análise minucioso do período de explotación da concesión ata a actualidade, chega a conclusión de que “ dende o inicio da explotación dos dous estacionamentos, non puido xerar tesourería dabondo con seu negocio ordinario para atender os pagamentos comprometidos. Catro anos despois da posta en marcha da explotación, parece evidente que a concesión non é viable ata a actualidade” (apartado 4.1- páxina 17).

Realizando unha prospección do período 2015-2025 da concesión cos aparcadoiros construídos na actualidade, Jenaro de la Fuente e Castelao, conclúe que “en todos e cada un dos exercicios dende o 2015 ao 2025, a tesourería da concesionaria sería negativa, coa consecuencia de que a concesión non sería viable, entendendo como viabilidade aquela situación na que unha sociedade é quen de atender as súas obrigas de pagamento. Xa que logo, moito menos cabería falar da rendibilidade da concesión, en canto capacidade de recuperar o investimento e producir beneficios. Tal e como se aprecia no cadro anterior, durante o período 2015-2025 a propiedade da concesión debería achegar 11 millóns de euros, dos que só recuperaría unha parte no período 2025-2060. Ademais, a concesión non sería quen de recuperar o importe das achegas xa realizadas en exercicios anteriores, que no ano 2014 ascendían a 13 MM €” (apartado 4.2- páxina 20).

Continúa analizando a viabilidade da concesión se se constrúe o aparcadoiro de Rosalía de Castro “se, sendo inviable a concesión cos dous estacionamentos en explotación, a construción de Rosalía I pode modificar a corrente de fluxos de caixa ata o punto de cambiar a situación anterior e melloralala, ou pode agravala ao converterse nun problema maior para o interese público. En orixe, o estacionamento de Rosalía Castro I estaba previsto para ser o de maior importancia económica no lote da licitación, por tamaño, por facturación prevista e por xeración de valor actual neto (VAN)” (apartado 4.3-páxina 21) . Tras un análise minucioso dos aspectos relativos a investimento e financiamento da obra, ingresos e custes operativos e gastos financeiros, conclúe que (apartado 4.3.4-páxina 29):

- Existe risco arqueolóxico, non estando garantido que se poida construír o aparcamento
- O proxecto presenta unha elevada sensibilidade ás variacións sobre a demanda prevista
- Da información ofrecida, e do conxunto do PEF a disposición no anexo, determínase que o proxecto adoece de viabilidade, xa que o resultado final é dun Valor Actual Neto (VAN) negativo por importe de -6.000.000 €. As taxas de retorno toman valores positivos inferiores a calquera consideración do investimento privado no sector.
- Realizamos outras análises de sensibilidade sobre a estrutura financeira (ratio de apalancamento), sobre o custo da débeda e sobre o custo dos recursos propios. En termos xerais as taxas de retorno están por debaixo dos valores que xustifican o investimento, e isto é válido para a actual concesión, pero tamén para a hipótese dunha nova saída a concurso público para construír o estacionamento.
- A suma de baixa rendibilidade, VAN negativo e necesidades adicionais de tesourería para un mínimo doutros dous exercicios non consegue dotar de viabilidade ao Lote que formaría o aparcamento cos existentes de Jenaro de la Fuente e Castelao, o que, ao noso xuízo, agrava potencialmente o problema para o interese público.

E por último, analiza a situación do aparcadoiro de Rosalía II (apartado 4.4- páxinas 30-31), concluíndo que de momento non é aconsellable acometer o remate da construción deste aparcadoiro por canto “non aporta nada financeiramente ao conxunto do proxecto, senón que xeraría a curto prazo máis necesidades de tesourería derivadas do remate da obra”. E propón

unha suspensión da execución das obras por un período transitorio de cinco a dez anos e a posibilidade de abrir a rotación e abonos a explotación do estacionamento.

Tras o análise da viabilidade de cada un dos aparcadoiros que compoñen o lote, establece como conclusión final que a concesión, nas condicións actuais non é viable nas condicións actuais do mercado, polas seguintes razóns (apartado 4.5- páxina 33):

- Os dous estacionamentos en explotación non xeran tesourería como para atender aos pagamentos, sendo precisos ao redor de 9.000.000 € para cumprir a cadea de pagamentos previstos nos vindeiros exercicios económicos.
- O aparcamento Rosalía I, de se realizar, e de non verse impedido e/ou limitado pola posible extensión dos restos arqueolóxicos da área como os xa atopados, agravaría o problema en vez de resolvelo, segundo o cálculo do PEF que realizamos no apartado 4.3.
- O aparcamento Rosalía II, pola súa banda, tampouco axuda ao proxecto, dada a situación actual do mercado, exposta no apartado 4.4.

A viabilidade da concesión, a xuízo deste informe, partiría das seguintes premisas (apartado 1- páxina 4):

1. A chegada de recursos por parte da propietaria da concesionaria para equilibrar a situación actual, axustando os recursos propios, o que implica un desembolso por importe de 1.675.000 €.
2. A modificación das condicións de explotación no estacionamento da Avenida de Castela, para reducir os custos que o fan deficitario. Isto combínase cunha proposta de abaratamento dos abonos do orde do 50% sobre o previsto, para achegar os prezos á capacidade económica real dos residentes e usuarios potenciais, dándolle así utilidade social.
3. A suspensión do estacionamento denominado Rosalía I, motivada pola inviabilidade actual da súa explotación. O prexuízo ao PEF inicial das condicións de demanda actual e dos restos arqueolóxicos atopados, así como a incerteza de que se estendan pola área a construír, fan que a realización da obra agrande o problema da concesión, que podería crear un maior prexuízo futuro ao interese público.
4. A suspensión temporal da execución e remate do estacionamento denominado Rosalía II, para residentes, motivada na baixa demanda actual para facer viable a entrega de prazas en réxime de concesión. Neste caso, a nosa proposta é unha prórroga dun prazo de cinco a dez anos, e unha apertura á posibilidade de usos para rotación e abonos, na agarda dun cambio de situación con maiores garantías de execución para o interese público.
5. Por último, a chegada de recursos polo Concello de Vigo, por unha contía de 1.600.000 € para cada un dos anos 2016-2019, cun importe total de 6.400.000 €, que permita equilibrar os fluxos de tesourería no período de maior carga financeira, derivado do principal e xuros do préstamo que financiou a construción dos estacionamentos.

Conclúese do análise dos citados informes que, ó máis conveniente para o interese público é evitar a resolución do contrato, e proceder a súa modificación para acadar a rendibilidade da concesión, eliminando do obxecto do contrato o aparcadoiro mixto da rúa Rosalía de Castro I e modificando a configuración e o prazo de execución do aparcadoiro de Rosalía de Castro II.

A construción de Rosalía I non é aconsellable por canto non parece, tras o análise da demanda actual, que sexa rendible e vaxa subverter a economía da concesión, cuxa explotación arroxa déficit, e pola contra, se se constrúe e posteriormente se resolve a concesión, se incrementaría a cantidade a aboar ó concesionario en concepto de gastos de construción dos aparcadoiros, o

que determinaría o incumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto, que, ó sobrepasar o teito de gasto, incumprindo co principio da regra de gasto, a súa vez, aparellaría a necesidade de aprobar un Plan Económico Financeiro para acadar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e un Plan de axuste.

Conviría así mesmo ó interese público, e polas mesmas razóns expostas, non construír de momento o aparcadoiro de Rosalía II. O aconsellable sería suspender a execución das obras durante un prazo suficiente de tempo para variar as condicións da demanda de prazas de aparcadoiro, que se fixa en 10 anos, á vista do informe Seixas. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída e que na actualidade atópase soterrada. Así mesmo, sería conveniente modificar a configuración do aparcadoiro de residentes de Rosalía de Castro, transformándoo nun aparcamento de uso mixto, de rotación e residentes, pois dada a escaseza de demandas en cesión en uso de prazas para residentes, parece razoable incrementar a súa rendibilidade coa explotación de prazas en rotación, máxime cando xa non se vai construír o aparcadoiro de Rosalía I, do que constituía un anexo, o cal era de uso mixto.

En consecuencia, procede formular ó órgano de contratación unha proposta de modificación do contrato, eliminando a obriga de construír o aparcadoiro de uso mixto de Rosalía de Castro, modificando a configuración do de residentes transformándoo nun aparcadoiro de uso mixto, fixando un prazo de dez anos para que o concesionario constrúa este, se un cambio de circunstancias o fixera rendible, e por último, restablecendo o reequilibrio económico do contrato tras a modificación.

-IV-

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 PCAP.

No ámbito dos contratos administrativos, como no dos contratos privados, rexe o principio de “pacta sunt servanda”, os contratos deben cumprirse segundo o pactado. No obstante, no ámbito dos contratos administrativos, o principio da inmutabilidade dos pactos está modulado polo exercicio das potestades exorbitantes que ostenta a Administración no seno do contrato, as cales se xustifican pola súa posición de garante do interese público subxacente en todo contrato administrativo (artigo 103 CE e 3 LRJAP). Estes principios, xunto do principio de liberdade de pactos están positivizados no artigo 4 do TRLCAP segundo o cal “A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración e deberá cumprilos a tenor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación básica en favor daquela”.

A modificación rexese pola normativa aplicable ó contrato, se ben o exercicio das potestades administrativas se rexe pola lexislación vixente no momento no que sexan exercitadas. Ademais, é preciso ter en contra que a normativa de aplicación, debe ser interpretada necesariamente en coherencia coa Directiva 2004/18/CE, aplicando os principios que rexen a contratación segundo a mesma, fundamentalmente ó principio de igualdade de trato dos licitadores recollido no artigo

31.4 da mesma, e consonte a interpretación do mesmo efectuada polo o TJUE, que determina que “os poderes adxudicadores deben dar ós operadores económicos un tratamento igualitario e non discriminatorio, e obrar con transparencia tanto na fase anterior á adxudicación do contrato como na súa execución” (Sentenza de 29 de abril de 2004 do TJCE -Succhi di frutta-). Á luz destes postulados non é admisible que durante a execución do contrato se introduzan no mesmo variacións substanciais dos elementos que foron tidos en conta no momento da adxudicación. Neste senso determina a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda, no seu ditame 9/1999 que “deben descartarse modificacións del objeto del contrato que supongan una alteración sustancial de las bases y criterios a los que responde la adjudicación del mismo mediante el sistema de licitación pública, pues celebrada mediante licitación pública la adjudicación de un contrato, tanto administrativo como privado, dado que su adjudicación se rige por las mismas normas, la solución que presenta la adjudicación para el adjudicatario, en cuanto a precio y demás condiciones, no puede ser alterada sustancialmente por vía de modificación consensuada, ya que ello supone un obstáculo a los principios de libre concurrencia y buena fe que deben presidir la contratación de las Administraciones Públicas, teniendo en cuenta que los licitadores distintos del adjudicatario podían haber modificado sus proposiciones si hubieren sido concedores de la modificación que posteriormente se produce”.

A potestade de modificación é máis intensa nos contratos de xestión de servizo público, como no caso que nos ocupa, por canto neles se encomenda a un contratista a prestación dun servizo de titularidade da Administración, durante un prazo de tempo que pode chegar a ser moi prolongado, polo que resulta lóxico que aquela goce dun amplo poder discrecional para modificar o contrato cando xurdan as necesidades imprevistas non contempladas inicialmente, que fagan necesaria a modificación. Nun período dilatado de tempo, é frecuente que aconteza un cambio das circunstancias sociais, económicas, tecnolóxicas, etc, tidas en conta no momento da adxudicación do contrato, ou simplemente varíen as necesidades dos usuarios do servizo. Neste senso, o artigo 127 do RSCL (precepto que, como todo o Título III do que forma parte, foi declarado expresamente en vigor pola Disposición Derogatoria única, apartado 1. f) do RLCAP na medida en que non se opoña ó establecido no RLCAP), dispón textualmente: «A Administración concedente ostentará (...) as seguintes potestades (...): Ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer se xestionase directamente o servizo, as modificacións no concedido que aconselle o interese público.

-V-

Sentadas as premisas que sustentan o exercicio do ius variandi da Administración no eido dos contratos administrativos, e en concreto, nos de xestión de servizo público, nos centraremos na modificación do contrato que nos ocupa.

Dos informes citados no fundamento xurídico III se desprende que sería necesario modificar tres aspectos do contrato:

- O obxecto, reducíndoo, para eliminar do mesmo a redacción do proxecto, a execución das obras de construción e a subseguinte prestación do servizo público de aparcadoiro na Rúa Rosalía de Castro.
- A configuración do aparcadoiro de Rosalía de Castro de Residentes, anexo ó anterior, que deixaría de estar dedicado exclusivamente a residentes para converterse nun aparcamento de uso mixto, de rotación e residentes.
- Suspende a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste

extremo así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

As previsións do PEF respecto dos ingresos que xeraría este contrato non resultaron ser moi realistas, ou canto menos, non se cumpriron por circunstancias externas ó contrato como a crise económica ou outros factores tales como a escaseza de demanda de prazas, tanto en rotación como de residentes. O certo é que, sexa cal sexa a causa, a día de hoxe a concesión é deficitaria. Ben e verdade que a concesionaria non construíu o aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que segundo o PEF era o máis rendible de todos, destinado a compensar os baixos ingresos e incluso perdas dos outros dos, Jenaro de la Fuente e Castelao. Argumento defendido por esta Administración tanto cando PUENTES solicitou o reequilibrio económico da concesión, como cando solicitou a resolución do contrato pola ruptura do equilibrio económico do mesmo. No entanto, na actualidade, tras a situación de concurso de COCHERAS, non parece razoable, dende o punto de vista do interese público, obrigar a PUENTES, se rematase o procedemento concursal sen liquidación, á construción do citado aparcadoiro. Á vista do informe de Seixas Consultora, non parece que o estudo de demanda de prazas de aparcadoiro no seu ámbito de influencia xustifique unha inversión tan elevada sen garantías de que a concesión sexa rendible. Se as circunstancias non mudan, podería ocorrer, construído o aparcadoiro, que non sendo viable a concesión, se acabase resolvendo o contrato, elevándose deste xeito a indemnización a pagar pola Administración.

A non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro se xustifica dende varios puntos de vista:

- Na actualidade, segundo o informe da consultora externa de data 19 de xuño de 2015, non hai suficiente demanda de prazas de aparcamento en rotación nin de residentes na zona de influencia do aparcadoiro.
- Ademais, hai que ter en conta que o aparcadoiro de Rosalía, como se ten dito, está no ámbito do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. A pesar de que o proxecto inicial se modificou para evitar realizar novas prospeccións arqueolóxicas, sen embargo, so reduciu o número das catas a realizar. As sucesivas modificacións acordadas non garantiron a realización do aparcadoiro, circunstancia que so podería coñecerse unha vez realizadas as intervencións arqueolóxicas impostas pola Administración autonómica, en función do achado, ou non, de novos restos arqueolóxicos. Como xa manifestou a arqueóloga municipal con ocasión das modificacións solicitadas pola concesionaria, citadas no fundamento xurídico II, en informe de data 08 de marzo de 2013: “a nova traza proposta reduce de 6 a 2 os puntos nos que efectuar unha escavación arqueolóxica ao tempo que diminúe considerablemente as sondaxes intermedias a realizar, o que supón unha redución moi importante (1) do custe económico das actuacións arqueolóxicas e (2) dos tempos de execución” (...) “lémbrese que o proxecto de execución deberá ser autorizado pola Consellería de Cultura e que a súa viabilidade dependerá dos resultados obtidos nas intervencións arqueolóxicas”.
- O non estar garantida a viabilidade da concesión coa construción do mesmo, pois, de non resultar rendible, se por calquera causa se resolvese a concesión, o Concello non podería facer fronte a unha indemnización tan elevada como a que corresponderíalle aboar o contratista polo valor das obras dos tres aparcadoiros.
- Presenta un Valor Actual Neto (VAN) negativo baixo diferentes hipóteses de demanda, de modificación de condicións financeiras e de custo do recursos propios, e obrigaría a unhas achegas de tesourería moito maiores para o conxunto da concesión e

potenciaría a posibilidade de liquidación da concesionaria, agravando a situación para o interese público (apartado 5.2.1 informe Seixas).

Respecto a suspensión da execución do aparcadoiro de Rosalía II, concedendo un amplo prazo para a súa execución. A suspensión, tal e como se manifestou no fundamento xurídico III, estaría motivada na escaseza de demanda actual. A súa construción no futuro dependerá de que cambien as circunstancias e sexa rendible, pois non tería sentido modificar agora o contrato con obxecto de facelo viable e a continuación, construír un novo aparcadoiro que, dada a súa reducida capacidade, dificilmente soportaría os custes operativos, polo que podería converterse nun elemento adicional de tensión de liquidez do conxunto da concesión. En este sentido se fixa un prazo de dez anos, consonte a proposta formulada no informe Seixas, para que o concesionario, ante un eventual cambio da demanda, poida solicitar do Concello a reanudación das obras, se ben, se establece como requisitos imprescindibles para autorizalo, que o concesionario xustifique:

- Un incremento da demanda que fixese rendible a explotación do aparcadoiro.
- Que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento.

Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

O interese público desta modificación, á vista do exposto, está en minimizar os danos as arcas municipais reducindo os pagos a realizar para evitar un desequilibrio presupostario e a creba da regra do gasto. Para lograr satisfacer este interese público é necesario modificar o contrato que nos ocupa, evitando a construción dun aparcadoiro, que tal e como manifesta o informe de Seixas, tería una baixa rendibilidade e que, lonxe de mellorar a viabilidade da concesión, incrementaría o VAN negativo que ofrecería un PEF elaborado cos datos actuais, agravando a situación da concesionaria. A construción do mesmo non so non garante a viabilidade da concesión se non que a empeora, e no evita unha resolución do contrato no futuro, senón máis ben o contrario, potencia este risco, co subseguinte incremento da indemnización que o Concello debería aboar á concesionaria polo valor das obras construídas, en aras de evitar un enriquecemento inxusto da Administración, por imperativo do disposto no artigo 169 TRLCAP “Nos supostos de resolución, a Administración abonará, en todo caso, ó contratista o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que restar para a reversión”. O cumprimento desta obriga de indemnización implicaría un déficit no presuposto municipal, o que como consecuencia determinaría o incumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto impostos ás administracións públicas pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, derivados do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e do Protocolo nº 12 de aplicación do mesmo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo. Estas mesmas razóns avalan as modificacións relativas ó aparcadoiro de Rosalía II. Neste momento non hai demanda suficiente para que a súa explotación sexa rendible.

Os artigos 3 e 4 da LO 2/2012 establecen a suxeición das Administracións públicas ós principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A estabilidade orzamentaria, a define como “a situación de equilibrio o superávit estrutural” (artigo 3.2) e a sustentabilidade financeira como “a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea” (artigo 4.2).

Tal e como manifesta o devandito informe do interventor municipal, as eventuais indemnizacións ás que tería que facer fronte esta Administración de non modificar o contrato se se liquidase a

sociedade instrumental que xestiona o contrato e se resolverse a concesión, non so quebrarían os citados principios, senón que tamén se produciría un incumprimento dos límites da regra de gasto previstos no artigo 12 da LO 2/2012, que determina que “A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española”. Esta última circunstancia implicaría a necesidade de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aprobase un Plan de Axuste ó sobrepasar o teito de gasto.

Por outra banda, hai que ter en contra que non tería sentido modificar o contrato se coa modificación non se garante a viabilidade da concesión. Este aspecto é obxecto de análise no informe da consultora SEIXAS (apartado 5- páxinas 34-39), segundo o cal, para acadar a viabilidade da concesión, sería necesario adoptar tres liñas de actuación:

- Mellorar os resultados operativos na concesión. Para acadar este obxectivo propón medidas para aumentar o número de usuarios e os ingresos, e para reducir os custos operativos, especialmente necesario no caso da Avenida de Castela, que ten un EBITDA negativo.
- Non executar Rosalía I e deixar en suspenso o remate das obras de Rosalía II, porque a súa execución agravaría o problema.
- Modificar a situación financeira na concesión, con achegas que completen as entradas e saídas dos fluxos de caixa e equilibren a tesourería.

-VI-

Procede a continuación analizar o procedemento de modificación dos contratos.

En uso do ius variandi, o órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- Que non se formule oposición por parte do contratista.
- Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación so poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impoñendo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).

Respecto os requisitos específicos esixidos para a modificación do presente tipo de contrato, concesión de servizo público, a lei so esixe que cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración compense ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato (artigo 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS).

É dicir, o potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais:
 1. A previa audiencia do contratista.
 2. O informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando a contía das modificacións do contrato superen nun 20 por 100 o prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.
 3. A obriga de xustificar no expediente que a modificación pretendida sexa debida a necesidades novas ou causas imprevistas.
 4. Valorar a repercusión e efectos nos gastos ou ingresos públicos municipais presentes ou futuros da modificación proposta, e supeditala ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7 LO 2/2012).
 5. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP).

- Limites materiais: as modificacións que impliquen unha variación do prezo do contrato en contía superior ó 20 % do seu importe necesitan a aceptación expresa do contratista.

- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Con respecto ó cumprimento dos límites procedimentais, temos que sinalar que:

1. Unha vez aprobada polo órgano de contratación a presente proposta, será evacuado trámite de audiencia ó contratista, para que formule as alegacións que tiña por convinte en defensa dos seus dereitos (artigo 84 LRJAP).
2. En función da variación do prezo do contrato que implique a presente modificación, e unha vez evacuado trámite de audiencia ó contratista e aprobada a modificación pola XGL, si resultara procedente, deberá ser sometida á ditame do Consello Consultivo de Galicia.
3. A modificación é debida a circunstancias novas e imprevistas. A circunstancia nova é a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aprobada con posterioridade a perfección do contrato que nos ocupa, e de obrigado cumprimento para todas as Administracións públicas. E a circunstancia imprevista é a declaración de concurso da sociedade instrumental creada pola concesionaria para a xestión deste contrato. Pois ben, para dar cumprimento os principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, en grave risco de quebra como consecuencia de que a sociedade instrumental constituída pola concesionaria para a xestión deste contrato foi declarada en concurso voluntario de acredores, resulta necesario proceder á modificación do contrato. A modificación evitaría os graves danos que acarrearía á facenda municipal á liquidación desta sociedade e a eventual resolución da concesión.
4. A repercusión da modificación nos gastos e ingresos municipais é valorada no informe do Interventor municipal, de data 12 de maio de 2015. A proposta que se formula para reequilibrar o contrato se move dentro dos obxectivos de estabilidade presupostaria e de regra de gasto previstos nos artigos 11 e 12 da LO 2/2012 (apartado V.- Estabilidade orzamentaria prevista).

5. Nos fundamentos xurídicos III e V motivase a modificación pretendida.

Con carácter previo á determinación do cumprimento dos límites materiais é preciso determinar a variación do prezo do contrato que implicaría esta modificación. Establece ó respecto o informe da consultora SEIXAS que “De se realizaren estes cambios, modificaríase o importe previsto no PEF do contrato de xestión do servizo público. Sobre o importe orixinal, que era dun total de 242.030.736 €, prodúcese un dobre efecto:

- Por unha banda redúcese, posto que a supresión do estacionamento de Rosalía I representaba o 47% do ingreso previsto no PEF, por importe de 112.831.442 €.
- Por outra banda aumenta, pola proposta de achegas do Concello de Vigo por importe de 6.400.000 €.

O efecto conxunto de ambos importes representaría un ingreso total previsto de 135.599.294 €, que implica unha redución verbo do ingreso orixinal do 43,97%

A suspensión temporal do estacionamento Rosalía II, no caso de que fora definitiva, implicaría unha perda sobre o ingreso orixinal previsto no PEF de 2.680.022 €, o que implicaría unha redución sobre o total do ingreso orixinal do 1,10%, que sumado aos anteriores representarían un total do 45,07%” (apartado 5.4-páxina 39).

Dado que a porcentaxe de variación do prezo do contrato é superior ó 20 % do prezo inicial, é preciso que o contratista, no trámite de audiencia que se lle evacúe preste a súa conformidade á presente modificación.

Con relación ós límites económicos, a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña, deriva da súa obriga de manter o equilibrio económico da concesión, mantendo indemne ó concesionario das modificacións que, por razóns de interese público, introduza no contrato (artigos 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS). De acordo co informe de Seixas (apartado 5) citado no fundamento xurídico anterior, o mantemento do equilibrio económico da concesión implica outorgar á concesionaria unha subvención de explotación de 1.600.000 € anuais entre os anos 2016 e 2019, ambos inclusive.

Como contrapartida, o concesionario deberá renunciar a reclamar ningunha cantidade á Administración municipal en concepto de lucro cesante polo aparcadoiro que deixa de construír e explotar. O informe Seixas, con respecto ó lucro cesante, determina que “Visto o PEF orixinal, o VAN de Rosalía I é de 1.235.000 € e o VAN de Rosalía II é de 487.000 €, polo que definimos o lucro cesante, no caso de non posta en explotación de ambos aparcamentos, coma 1.722.000 € verbo dese PEF” (apartado 5.4-páxina 40) .

Á vista do calado das modificacións propostas, resulta necesario que o concesionario presente un novo estudo económico financeiro da concesión, concedéndoselle ó efecto un prazo dun mes a contar dende a aprobación definitiva da modificación obxecto da presente proposta.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL). Será precisa a formalización da resolución de modificación, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

-VII-

A sociedade instrumental creada pola concesionaria para a xestión da concesión, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., foi declarada en concurso voluntario en auto de data 23 de xaneiro de 2015, do xulgado do mercantil número 2 de A Coruña.

A nosa lexislación contractual, tendo en conta a importancia para o interese público de que continúe con normalidade a prestación do servizo de que se trata, en caso de declaración de

concurso dun contratista da Administración, non impón a resolución inmediata do contrato, senón que concede a Administración a potestade de optar entre a resolución do contrato ou o seu mantemento, se ben, de optar por esta última solución imponse a esixencia de garantía o contratista da continuidade na execución do contrato.

Así, se ben o artigo 111 do TRLCAP recolle entre as causas de resolución do contrato, no seu apartado b), “A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento”, o apartado 7 do artigo 112 da mesma lei determina que “en caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución”, concedendo a Administración un amplo marxe de discrecionalidade para valorar a suficiencia desta garantía e sen especificar en que consiste. En uso desta facultade, a Xunta de Goberno Local, na resolución adoptada ó ter coñecemento da situación de concurso de acredores de COCHERAS, en data 26 de marzo de 2015, optou por continuar coa xestión da concesión, se ben incrementando o control do servizo xestor sobre o funcionamento do servizo, para garantir o correcto funcionamento do mesmo, así, no punto 4º do acordo se determina “Ordenar á Policía local a inspección semanal para garantir o correcto funcionamento dos aparcadoiros da Avenida de Castelao e da rúa Jenaro de la Fuente construídos e abertos ao público”.

No entanto, non se pode ignorar a circunstancia de que o procedemento concursal segue o seu curso con independencia das decisións adoptadas en vía administrativa. E a apertura da fase de liquidación implicaría a resolución automática do contrato, a teor do disposto no artigo 112.2 TRLCAP. De producirse esta circunstancia, podería devir prexudicial para os intereses municipais modificar o contrato e reequilibrar a economía da concesión, o cal, por outra parte, carecería de sentido se procedese a resolución do contrato. En consecuencia, procede someter o presente acordo a condición suspensiva de remate do procedemento concursal sen liquidación da sociedade, e esixir á concesionaria como requisito previo para a súa tramitación o cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015 *“QUINTO .- Requerir a empresa Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. como adxudicataria do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres aparcadoiros públicos para vehículos automóviles nas rúas Avenida de Castelao, Jenaro de la Fuente e Rosalía de Castro por acordo da Xunta de goberno local de data 21 de maio de 2007, o cumprimento dos seus compromisos de financiación de conformidade co contido da súa oferta sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”*.

-VIII-

A competencia para a acordar o inicio do procedemento de modificación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Aprobado o inicio do expediente e a proposta de modificación incluída no presente informe, deberá evacuarse trámite de audiencia ó contratista (artigo 101 LCAP).

Tras o trámite de audiencia, formularase a proposta de modificación, que deberá ser aprobada polo órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e o posterior acordo, deberá ser sometido a ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 101 LCAP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade. As modificacións consistirán en:

- Excluir do seu obxecto a construción e explotación dun aparcadoiro de uso mixto na Rúa Rosalía de Castro.*
- Configurar o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro denominado “de residentes” anexo ó aparcadoiro citado no punto anterior, como un aparcadoiro independente de uso mixto.*
- Suspende a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos, que se computará dende o día seguinte ó da formalización da presente modificación. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fíxese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo, así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.*

2º.- Con carácter previo a continuación coa tramitación da presente modificación é imprescindible que, durante o prazo do trámite de audiencia da presente proposta, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., cumpra os seguintes requisitos:

- 1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta “sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación”, consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.*
- 2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.*
- 3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.*
- 4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.*

3º.- Por imperativo do previsto no artigo 163 do TRLCAP, o Concello deberá compensar ao contratista para que manteña o equilibrio económico da concesión tendo en conta os supostos económicos que foron tidos en conta na adxudicación do contrato. En consecuencia co anterior, tomando en consideración os informes técnicos que figuran no expediente, unha vez que o órgano de contratación adopte o acordo de modificación do contrato, a compensación económica será de 1.600.000 euros anuais a aboar entre os anos 2016 e 2019, ambos inclusive, de acordo co exposto no fundamento xurídico VI do corpo deste escrito. A achega anual aboarase no primeiro trimestre do ano correspondente.

4º.- Requirit á concesionaria a presentación dun novo plan económico-financieiro da concesión que contemple a situación do contrato unha vez acordada a modificación, no prazo de dous meses a contar dende a aprobación definitiva da modificación obxecto da presente proposta.

5º.- En todo caso a eficacia do acordo de modificación que no seu día se adopte quedará sometido á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen a liquidación da sociedade COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo á Concesionaria, por prazo de un mes para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(756).- DAR CONTA DA CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO I CARREIRA POPULAR TRAVESÍA DE VIGO, QUE TIVO LUGAR O 14.06.15. EXPTE. 14024/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do escrito do xefa da Unidade Técnica Deportivo do IMD, que di o seguinte:

“Dáse conta á Xunta de Goberno local, que o expediente 14024-333 I Carreira Popular Travesía de Vigo, celebrouse o pasado 14 de xuño de 2015, sen ningunha incidencia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(757).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS “OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DAS TRAVESAS (LOTE 1)”. EXPTE. 14132/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/06/15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD-xefe Ud. Técnica, do 08/06/15, conformado polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto básico e de execución</i>	<i>Expediente 13083/333, por acordo da XGL en sesión do 30/05/2014</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 09/06/2014</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 13166/333. Aprobado pola XGL en sesión do 18/07/2014. Importe de licitación de 185.000,00 €.</i>

Aplicación Orzamentaria Proxecto	9330.632.00.12 14933012
Período de licitación	Do 06/08/2014 (anuncio BOP) ata o 1/09/2014.
Adxudicación	Por acordo da XGL en sesión do 07/11/2014 C.D. INDEPO, S.L., por un prezo de 159.100,48 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	2 meses
Garantía:	12+48 meses de incremento da garantía = 60 meses
Sinatura do contrato	13/11/2014
Dirección facultativa	A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, arquitecto Colexiado nº 2543. Expediente: 13528-333
Coordinación de Seg e Sa.	A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L, aparellador Colexiado nº UR 148. Expediente: 13528-333.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L., con data 27/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 13592/333
Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L. con data 27/11/2014 e co informe favorable de data 27/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13592/333
Plan de Traballo	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L., con data 01/12/2014 e co informe favorable de data 01/12/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13592/333
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil C.D. INDEPO, S.L. con data 28/11/2014 e co informe favorable de data 02/12/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13592/333

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 2 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 9/12/2014 Se da conta a XGL con data 19/12/2014. Expte 13166/333
Data de inicio das obras	10/12/2014
Data inicial de finalización das obras	10/02/15

Con data 19/12/2014 asínase acta de suspensión temporal con vixencia ata o 6/01/2015, motivada pola coincidencia entre esas dúas datas dos días non laborables incluídos no calendario laboral para o sector da construción da provincia de Pontevedra.

Posteriormente, o 9 de xaneiro de 2015 asinase acta de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 1: Reforma dun campo de fútbol nas Travesas". A dita acta recolle a suspensión durante o período comprendido dende o 7 de xaneiro de 2015, ata a

data do decreto de incorporación dos remanentes que financien os créditos necesarios para a finalización da obra en base a prezo de adxudicación pendente por certificar.

Con data 30 de xaneiro de 2015 a empresa adxudicataria recibe a notificación de finalización de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 1: Reforma dun campo de fútbol nas Travesas". De acordo coa comunicación de 30 de xaneiro no cal se lle comunica que con data 29 de xaneiro de 2015, por Decreto do Alcalde, procedese a resolver a incorporación dos remanentes de Tesoureira do ano 2015, cos cales se incorporan o orzamento prorrogado para o ano 2015, os créditos adecuados e suficientes para executar a totalidade da obra pendente de certificar, polo cal procede o levantamento da suspensión acordada na acta asinada polas partes o pasado 9 de xaneiro de 2015.

2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que o prazo de suspensión abarcou o períodos comprendidos entre o 19/12/2014 e o 6/01/2015 (18 días) e dende o 7/01/2015 ata o 30/01/15 (24 días), resulta un total de 42 días, o prazo de finalización pasa do inicialmente establecido para o 10 de febreiro de 2015 a data límite do 24 de marzo do 2015.

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
22/12/14	Certificación nº 1. por execución de obra (ive incluído):	2.872,85 €
29/12/14	Certificación nº 2. por acopios. (ive incluído):	99.672,22 €
09/02/15	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
27/02/15	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	48.953,74 €
17/03/15	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído)	0,00 €

En relación as datas das certificación emitidas debese indicar as seguinte incidencias:

A certificación nº 2 de acopios, de data 29/12/2014, correspóndese coa autorización da XGL de data 26/12/2014 (expte 13752-333), por un importe de materiais acopiado de 99.672,22 €, polo cal a súa data correspóndese a súa tramitación dentro dos prazos máximos para dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 1, de data 22/12/2014, correspóndese coas actuación executadas na obra no período comprendido dende a data de inicio das obras (13/12/2014), ata a data máxima para poder tramitar o seu pago en relación a dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 3, de data 9/02/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes o mes de execución. Esta certificación recolle a execución dos traballos vinculados directamente cos materiais acopiados.

A certificación nº 4, de data 27/02/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes ao mes de execución das obras.

A certificación nº 5, emítese con data 17/03/2015.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra no C.F das Travesas.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo de data abril 2015, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 9/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 13/11/2014). A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación na sesión do 19/12/2014.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de traballo, presentado pola empresa con data 01/12/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 01/12/2014. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa con data 27/11/2014 e coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 27/11/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de residuos, presentado pola empresa con data 27/11/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 27/11/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de calidade, presentado pola empresa con data 28/11/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 02/12/2014. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 3/12/2014.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizarán dentro do prazo máximo establecido do 24/04/2015 e con data 13 de abril asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto do “Lote nº 1 Campo de fútbol das Travesas”. Determínase a data do 4 de maio para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 4 de maio de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 4 de maio e asinada por D. Miguel Porras Gestido, na súa condición de Director Facultativo e de D. Carlos Paz Fernández como representante do

Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 12 de maio de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspondese cun período de 60 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 13/04/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 13/04/2020. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 13166/333, correspondente ao "LOTE Nº 1: OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DAS TRAVESAS", polo cal procede a proposta de aprobación da certificación final de obra de data 14 de maio de 2015.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra, polo cal, e previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a CERTIFICACIÓN 6-FINAL de data 12 de maio de 2015 correspondente a execución das obras do expediente 13166/333, correspondente o; "LOTE Nº 1: OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DAS TRAVESAS". A dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	128.481,14 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	122.342,44 €
Total execución material da presente certificación	6.138,70 €
Gastos xerais (13%)	798,03 €
Beneficio industrial (6%)	368,32 €
Total:	7.305,05 €
IVE (21)%	1.534,06 €
Presuposto de execución por contrata	8.839,11 €
Baixa adxudicación (13,999740541%)	1.237,45 €
Presuposto líquido global contractual	7.601,66 €

Esta certificación será tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320012.

- 2.- Dar conta do inicio do prazo de garantía da obra "lote nº 1 Obras no campo de fútbol das Travesas", que de acordo co contrato asinado en data 13/11/2014 se corresponde con 60

meses, os cales terán efecto a partir da data de 13/04/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 13/04/2020. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

- 3.- Dar conta do presente acordo o Contratista para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da certificación 6-final da obra aprobada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(758).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS “OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DA ETEA (LOTE 2)”. EXPTE. 14130/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/06/15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD-xefe Ud. Técnica, do 08/06/15.15, conformado polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

“De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Expediente 13110/333, por acordo da XGL en sesión do 30/05/2014
Orden de inicio do expediente de contratación	Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 09/06/2014
Aprobación expediente de contratación	Expediente 13166/333. Aprobado pola XGL en sesión do 18/07/2014. Importe de licitación de 437.000,00 €.
Aplicación Orzamentaria Proxecto	9330.622.00.13 14933013
Período de licitación	Do 06/08/2014 (anuncio BOP) ata o 1/09/2014.
Adxudicación	Por acordo da XGL en sesión do 07/11/2014 UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO., por un prezo de 362.694,10 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	3 meses
Garantía:	12+96 meses de incremento da garantía = 108 meses
Sinatura do contrato	13/11/2014

Dirección facultativa	A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, arquitecto Colexiado nº 2543. Expediente: 13528-333
Coordinación de Seg e Sa.	A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L, aparelador Colexiado nº UR 148. Expediente: 13528-333.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO con data 25/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 13166/333
Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO con data 26/11/2014 e co informe favorable de data 26/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13166/333
Plan de Traballo	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO. con data 28/11/2014 e co informe favorable de data 28/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13166/333
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola UTE PRACE, S.A.-CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO con data 27/11/2014 e co informe favorable de data 27/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13166/333

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 3 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 9/12/2014 Se da conta a XGL con data 19/12/2014. Expte 13166/333
Data de inicio das obras	10/12/2014
Data inicial de finalización das obras	10/03/2015.

Con data 9 de xaneiro de 2015 se asina acta de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 2: Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA". A dita acta recolle a suspensión durante o período comprendido dende o 7 de xaneiro de 2015, ata a data do decreto de incorporación dos remanentes que financien os créditos necesarios para a finalización da obra en base a prezo de adxudicación pendente por certificar.

Con data 30 de xaneiro de 2015 a empresa adxudicataria asina o recibí da notificación de finalización de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 2: Construción dun novo campo de fútbol 11 nas instalacións da ETEA" . De acordo coa comunicación de 30 de xaneiro no cal se lle comunica que con data 29 de xaneiro de 2015, por Decreto do Alcalde, procedese a resolver a incorporación dos remanentes de Tesoureira do ano

2015, cos cales se incorporan o orzamento prorrogado para o ano 2015, os créditos adecuados e suficientes para executar a totalidade da obra pendente de certificar, polo cal procede o levantamento da suspensión acordada na acta asinada polas partes o pasado 9 de xaneiro de 2015.

2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que o prazo de suspensión abarcou o período entre o 7 de xaneiro de 2015 e o 30 de xaneiro, o cal contempla un total de 24 días, o prazo de finalización pasa do inicialmente establecido para o 10 de marzo de 2015 **a data límite do 3 de abril do 2015.**

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
29/12/14	Certificación nº 1. por acopios. (ive incluído):	97.310,33 €
29/12/14	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	55.153,39 €
30/01/15	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
27/02/15	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	46.397,00 €
31/03/15	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído)	154.786,58 €

En relación as datas das certificación emitidas debese indicar as seguinte incidencias:

A certificación nº 1 de acopios, de data 29/12/2014, correspóndese coa autorización da XGL de data 26/12/2014 (expte 13747-333), por un importe de materiais acopiado de 97.310,33 €, polo cal a súa data correspóndese a súa tramitación dentro dos prazos máximos para dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 2, de data 29/12/2014, correspóndese coas actuación executadas na obra no período comprendido dende a data de inicio das obras (13/12/2014), ata a data máxima para poder tramitar o seu pago en relación a dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 3, de data 30/01/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes o mes de execución. Esta certificación recolle a execución dos traballos vinculados directamente cos materiais acopiados.

A certificación nº 4, de data 27/02/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes ao mes de execución das obras.

A certificación nº 5, de data 31/03/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes ao mes de execución das obras.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra no C.F da ETEA.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 9/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 13/11/2014). A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación na sesión do 19/12/2014.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de traballo, presentado pola empresa con data 28/11/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 28/11/2014. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa con data 25/11/2014 e coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 27/11/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de residuos, presentado pola empresa con data 26/11/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 26/11/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de calidade, presentado pola empresa con data 27/11/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 27/11/2014. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 3/12/2014.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo.

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizarán dentro do prazo máximo establecido ata o 3 de abril de 2015 e con data 24 de abril asínase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto do "Lote nº 2 Campo de fútbol da ETEA". Determínase a data do 5 de maio para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 5 de maio de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 5 de maio e asinada por D. Miguel Porras Gestido, na súa condición de Director Facultativo e de D. Daniel Ortega González como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 14 de maio a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 108 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de

24/04/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 24/04/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 13166/333, correspondente ao "LOTE Nº 2: CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NAS INSTALACIÓNS DA ETEA", polo cal procede a proposta de aprobación da certificación final de obra de data 30 de abril de 2015.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra, polo cal, e previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a CERTIFICACIÓN 6-FINAL de data 14 de maio de 2015 correspondente a execución das obras do expediente 13166/333, correspondente o; "LOTE Nº 2: CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL 11 NAS INSTALACIÓNS DA ETEA". A dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	303.480,00 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	295.910,18 €
Total execución material da presente certificación	7.569,80 €
Gastos xerais (13%)	984,07 €
Beneficio industrial (6%)	454,19 €
Total:	9.008,07 €
IVE (21)%	1.891,69 €
Presuposto de execución por contrata	10.899,76 €
Baixa adxudicación (17,000001259%)	1.852,96 €
Presuposto líquido global contractual	9.046,80 €

A dita certificación será tramitada con cargo a aplicación orzamentaria 9330.6220013.

- 2.- Dar conta do inicio do prazo de garantía da obra "lote nº 2 Construcción dun novo campo de fútbol 11 na ETEA", que de acordo co contrato asinado en data 13/11/2014 se corresponde con 108 meses, os cales terán efecto a partir da data de 24/04/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 24/04/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de

aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

- 3.- *Dar conta do presente acordo o Contratista para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da certificación 6-final da obra aprobada.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(759).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 10ª CARREIRA FEMENINA CORRER E ANDAR, O VINDEIRO DÍA 28 DE XUÑO DE 2015. EXPTE. 13947/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes que di o seguinte:

“A Agrupación Deportiva Media Maraton de Vigo con CIF (G-36689826), solicitou o día 10-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150029143), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: 10ª CARRERA FEMENINA CORRER E ANDAR*
- *Data: 28 de xuño de 2015*
- *Horario:*
 - *Inicio e fin evento: 11.00h a 13.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 28 de xuño de 2015, a proba comenará ás 11.00h e rematará ás 13.00h, a carreira terá a súa saída dende o centro comercial El Corte Inglés (Gran Vía) e percorrerá por Urzáiz, Colón, Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Plaza de Compostela, García Olloqui, Montero Rios, Concepción Areal, (Edificio da Xunta), As Avenidas, rematando na Pza do Nadador onde se atopará a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a

aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Agrupación Deportiva Media Maratón de Vigo con CIF (G-36689826), a organizar o vindeiro domingo 28 de xuño de 2015, o evento deportivo denominado 10º CARREIRA FEMENINA CORRER E ANDAR, a carreira comenza ás 11.00h e rematará ás 13.00h, terá a súa saída dende o centro comercial El Corte Inglés (Gran Vía) e percorrerá por Urzáiz, Colón, Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Plaza de Compostela, García Olloqui, Montero Ríos, Concepción Arenal, (Edificio da Xunta), As Avenidas, rematando na Pza. do Nadador onde se atopará a meta.”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(760).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE MAIO 2015. EXPTE. 6123/335

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2015, aprobadas polo Pleno con data 13/06/2014, dáse conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados polo concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos, o mes de maio de 2015.

“Expte: 6100/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA ACTIVIDADES CULTURAIS CON MOTIVO DAS LETRAS GALEGAS

Decreto concelleiro data: 11/05/2015

Informe Intervención: RCM 31577

Adxudicatario: ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL

Importe total: 13.975,50 EUROS

Expte: 6108/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO HALL DO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA O SORTEO DA LOTERÍA NACIONAL COMO PROMOCIÓN DA CANDIDATURA DAS ILLAS CÍES COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Decreto concelleiro data: 21/05/2015

Informe Intervención: RCM 33733

Adxudicatario: ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL

Importe total: 21.296,00 EUROS

Expte: 6110/335. CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NO AUDITORIO MUNICIPAL DE CARA Á PROGRAMACIÓN MAIO E XUÑO

Decreto concelleiro data: 29/05/2015
Informe Intervención: RCM 36444
Adxudicatario: SACAFERRO SL
Importe total: 21.552,37 EUROS"

A Xunta de Goberno Local queda informada.

10(761).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA" PARA O MANTEMENTO DO "PUNTO INFORMA" DURANTE O ANO 2015. EXPTE. 6668/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/06/15 e de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo do 26/06/15, conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

"A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu contorno.*
- Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz, calidade de vida, etc.*

No ano 2001, a Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribue á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

Considerando que os fins da "Asociación de Mulleres Dorna" cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 32% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O rexime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

No vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 2311 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.100,00€ a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría "Convenio asoc. Rede mulleres contra os malos tratos" 2311 4890002, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5412/224 do 2012 e 5858/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Previos os preceptivos informes de Asesoría xurídica e de Intervención Xeral e unha vez incorporadas as observacións indicadas pola xefa do Servizo de fiscalización, no seu informe de data 22/06/2015, relativas á modificación do prazo do segundo pagamento e á incorporación da póliza de seguro e recibo da prima, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación de Mulleres Dorna" e o Concello de Vigo para o mantemento do "Punto Informa" durante o ano 2015.

2º. Autorizar o gasto de 17.100,00€ (dezasete mil cen euros) con cargo á partida presupostaría "Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do "Punto Informa" 2311 4890002 do orzamento vixente da concellería de Igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil quince

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 6668-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu contorno.*
- Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz , calidade de vida, etc.*

A Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribue á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.100,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2015.

V.- Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 6668-224. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar o mantemento do "Punto Informa" do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin de acordo co programa contido no Anexo I.

A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos, autorizacións e seguros para a súa realización.

3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo I do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo I.

4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos".

5.- *Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

6.- *Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

7.- *Presentar ante á concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola concellería de Igualdade.*

8.- *A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

9.- *As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- *Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.*

2º.- *Incluír este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.*

3º.- *Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 17.100,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.500,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 5.800,00€ no mes de xullo, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 5.800,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto por importe de 11.300,00€, resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna*
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna*
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

Noveno.- Antes do 10 de decembro de 2015, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que

abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 17.470,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade como Anexo II).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o pago dos gastos de aluguer, limpeza e comunidade do local, o abono do gasto de salarios, material funxible, seguros atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2015. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen desde o 10 de decembro de 2014 ata o 9 de decembro de 2015.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2015.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(762).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2015.EXPTE. 6709/224.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe xurídico do 07/04/15 e o informe de fiscalización do 30/04/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade do 28/04/15, conformado pola concelleira-delegada de área e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

“Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades encamiñadas ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, a concienciación e formación en xénero e igualdade e o fomento da participación social das mulleres, no ano 2015, por un importe máximo de 64.000,00€ con cargo á partida “subvencións” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “k” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría “Subvencións” 2311 4890000, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5484/224 do 2012 e 5823/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, a concienciación e formación en xénero e igualdade e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado, nin moito menos, a equipotencia social das mulleres.

En relación a estes fins, valoramos a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai

instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2015. Con tal motivo, e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 64.000,00 € (sesenta e catro mil euros) que serán efectivos con cargo á partida específica: 2311 4890000 "Subvencións" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A lexislación aplicable é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003. As Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrência competitiva a concesión de subvencións entre as entidades sen fins de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, a concienciación e formación en xénero e igualdade, así como na prevención e combate da violencia de xénero, e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrência competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei.

Polo exposto, unha vez subsanadas as observacións realizadas pola xefa do servizo de Fiscalización, no seu informe de data 13/04/2015, e previo preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, consonte co disposto nas bases de execución do orzamento vixente, e no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, que incorpora a lexislación básica da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o regulamento de desenvolvemento da citada lei R.d. 887/2006, do 21 de xullo, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1) Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción das mulleres realizadas durante o exercicio 2015.

2) Autorizar un gasto por importe máximo de 64.000,00€, con cargo á partida 2311 4890000 "subvencións" do orzamento vixente, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras e convocatoria específica de subvencións da concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2015

A lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, a concienciación e a formación en xénero e igualdade e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado, nin moito menos, a equipotencia social das mulleres.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina a tal fin un crédito máximo de 64.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "subvencións da Concellería de Igualdade" do orzamento vixente.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

l) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2015 e cuxa finalidade sexa:

1.- Atender as demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no "4º Plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" do Concello de Vigo. Tendo en conta os obxectivos establecidos en cada unha das súas cinco áreas de actuación: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade. (pódese consultar o documento do IV plan na web: www.igualdadevigo.org)

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboural, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.

7.- Concienciar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades.

II. Ámbito

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo.

III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades poderan incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado 3 do punto anterior, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os relativos a gastos de desprazamento fora do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social. Tampoco serán gastos subvencionables os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de catering, recepcións, espectáculos...), agás que a concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 64.000,00 euros (sesenta e catro mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2015; 2311 4890000 "Subvencións da concellería de Igualdade".

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas a entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.

c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

f) Que cumplan cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

b) Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

c) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

d) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

e) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.

f) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

g) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

h) Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

i) Aqueles que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.

j) Aqueles que non acaden a puntuación mínima establecida para o apartado 1.a) da base Sétima.

3. As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4. Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado R. d. 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€.

5. Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.*
- 4.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.*
- 6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
- 7.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
- 8.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 9.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención*
- 10.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.*
- 11.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.*

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 70 puntos. Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos no apartado 1.a) non se considerarán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

1.- Calidade do proxecto e a súa adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula Primeira das bases. Ata un máximo de 50 puntos

a) Calidade técnica, coherencia e viabilidade. Ata un máximo de 15 puntos:

Este apartado valorarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Adecuación das actividades do proxecto a algunha ou algunhas das finalidades recollidas na cláusula 1ª destas bases.
- A capacidade da entidade de mobilizar á poboación destinataria da acción.
- A metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.
- Grao en que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

b) Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto. Ata un máximo de 10 puntos:

Este apartado valorarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto teña formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- O emprego dunha imaxe e linguaxe non sexista en todas as fases do proxecto
- Que o proxecto incorpore a impartición de contidos transversais de igualdade no desenvolvemento da acción principal.
- Que o proxecto estea dirixido a mulleres con especiais dificultades: vítimas de violencia de xénero, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, con discapacidade...
- O proxecto recolle medidas de conciliación para favorecer a asistencia do colectivo destinatario.

c) Impacto, sostenibilidade, e innovación. Ata un máximo de 10 puntos

Este apartado valorarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, convertíndose así para o público destinatario en referente en toda a comunidade autónoma ou cando menos na área sur de Galicia.
- Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente pola concellería de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.
- Grao en que o proxecto manterá os beneficios obtidos polo cumprimento dos obxectivos máis alá do período de execución.
- Grao no que se propón resolver o problema abordado desde plantexamentos e instrumentos novedosos no seu ámbito.

d) Por recoller o proxecto algún dos obxectivos e accións contempladas no IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo (PIOM): Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo do IV PIOM que recolla o proxecto presentado, ata un máximo de 10. (pódese consultar o documento do IV plan na sección de "publicacións" da web: www.igualdadevigo.org).

e) Implicación no proxecto doutras entidades e sectores. Ata un máximo de 5 puntos:

Este apartado valorarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- *Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades, especialmente con asociacións de mulleres ou secretarías da muller da cidade.*
- *Participación de persoal voluntario no desenvolvemento da actividade.*

2.- *Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata un máximo de 10 puntos.*

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente na cidade a prol dos dereitos e do empoderamento das mulleres, así como pola asistencia das directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante nas actividades que organiza a Concellería de Igualdade.

- *Non colaboración coa Concellería de Igualdades: 0 puntos*
- *Traxectoria e colaboración de ata 3 anos de antigüidade: 2 puntos*
- *Traxectoria e colaboración de máis de 3 anos e ata 6 anos de antigüidade: 4 puntos*
- *Traxectoria e colaboración de máis de 6 anos e ata 10 anos de antigüidade: 6 puntos*
- *Traxectoria e colaboración de 10 ou máis anos de antigüidade: 10 puntos*

3.- *Participación activa no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 5 puntos.*

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que á data 1/04/2015 formen parte do Consello Municipal da Muller e participen activamente neste órgano representativo, consultivo e de participación.

- *Con menos de 4 anos de participación: 1 punto*
- *Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos*
- *Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos*
- *Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos*
- *Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos*

4.- *O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º I) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos. Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achega declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.*

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

No marco desta convocatoria só se poderá presentar un programa que reúna os requisitos estipulados na base primeira desta convocatoria. Para elo, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común e dirixida ao Sr. Alcalde. A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1.- Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II) xunto co informe desagregado de ingresos e gastos da actividade. No caso de presentar proxectos de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso.

2.- Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2014, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

3.- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

4.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

5.- Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación (punto 5 do Anexo III).

6.- Declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (punto 4 do Anexo III).

7.- Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas do proxecto para o que se solicita a subvención (punto 3 do Anexo III).

8.- Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da entidade (punto 1 do Anexo III).

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de

10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixese se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Igualdade e na propia paxina web do Concello de Vigo.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora a Concellería de Igualdade-Concello de Vigo”, coa a inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo que se pode descargar da paxina web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colegiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Igualdade que ademais actuará como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Contra esta desestimación presunta poderá recorrerse en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días a contar do seguinte ao da notificación a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.*
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indícarase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade.*

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1. Prazo e forma:

A xustificación, segundo modelo normalizado (Anexo IV) presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para presentar as xustificacións das subvencións concedidas remata o 30 de novembro de 2015. No devandito prazo as entidades beneficiarias xustificarán o cumprimento das finalidades para

as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Importe a xustificar:

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A xustificación deberá realizarse polo 100% do importe da axuda concedida mediante rendición de conta xustificativa que comprende unha memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e o Anexo IV:1 e os apartados II e III do Anexo IV debidamente cubertos.

3.- Documentación:

Para os efectos de xustificar a subvención as beneficiarias deberán achegar:

I) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- a) Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- b) Breve resumo do proxecto realizado
- c) Datas e lugar de realización.
- d) Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- e) Descrición detallada e ordeada das actividades que se levaron a cabo
- f) Recursos humanos
- g) Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos
- h) Materiais de difusión empregados
- i) Nos cursos e xornadas de formación, engadirase ao anterior, o programa formativo, nº de horas e identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seus apelidos e nome, e número de teléfono.
- j) Dous exemplares do material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

II) Declaración xurada da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa entre outros dos seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.*

III) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

a) Para xustificar o gasto do proxecto non subvencionado a entidade beneficiaria terá que presentar copias de facturas que poderá substituír pola presentación unha memoria económica xustificativa de gastos e ingresos do importe total do proxecto presentado (apartado I e II do Anexo IV:2a). O apartado I poderase substituír coa presentación dunha certificación que acredite que o programa que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de ... euros.

b) Unha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o 100% do importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (apartado III do modelo normalizado do Anexo IV-2)

c) Facturas orixinais, ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do apartado anterior polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- *Número e no seu caso serie.*
- *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
- *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- *Lugar e data de emisión.*
- *Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.*

IV) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2015, e non deberá constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- *Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.*
- *Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.*
- *Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.*

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no R.d. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a reponsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

12(763).- ABOAMENTO RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS DÍAS 31/12/2014 E 01/01/2015 DE DNA. M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN. EXPTE. 26590/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/06/15, dáse conta do informe-proposta do 28/05/15, da técnica de Formación do servizo, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

Dona M^a Concepción Cousiño Sendin, oficial sepultureira do servizo de Cemiterios, con data 30/04/2015 presenta escrito con nº de documento de rexistro de entrada 150051596, no que solicita o aboamento de gratificación por traballar na quenda do día 31/12/2014 e o 01/01/2015.

Dita gratificación foi abonada ao persoal dos distintos servizos, incluído o de Cemiterios, sin que na relación que remitiu este figurara a dita empregada.

Con data 13/05/2015, o xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, informa que a oficial sepultureira, corresponderíalle realizar as súas funcións os días 31/12/2014 e o 01/01/2015, pero que nesas datas solicitou horas sindicais e que por error omitiuse na relación do persoal que traballou os días 24 e 31 de decembro de 2014 e 1 de xaneiro de 2015, baseado no dereito dos representantes sindicais a percibir as mesmas retribucións que percibiría de estar a realizar os traballos propios do posto ao que esta adscrito, excepto aquelas retribucións que obedecen a unha contraprestación concreta (exceso de xornada), excluín-dose así mesmo, os períodos de vacacións, permisos e baixas por I.T. nos cales a traballadora non percibirá os conceptos de xornada partida e recargo por festividade, ao estar en función dos días realmente traballados.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos actualmente vixente, no seu apartado cuarto, letra d), establece que o persoal que traballa entre as 22'00 horas do día 24 de

decembro e as 15'00 horas do día 25 decembro e, no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro por necesidades do servizo, aboaráselle como compensación unha cantidade de 130'29 €/día, segundo a redacción dada no artº 16.B).a) do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao Servizo do Concello de Vigo e o acordo do Pleno da Corporación de 31 de marzo de 2006.

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificación por servizos extraordinarios prestados entre as 22'00 horas do día 31 de decembro de 2014 e 1 de

xaneiro de 2015, por importe de 130'29 € a dona M^a Concepción Cousiño Sendin, oficial sepultureira do servizo de Cemiterios, fundamentado no informe emitido polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, acreditativo e motivador da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- "Gratificacións".

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por gratificacións durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(764).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 167/2012 NOS AUTOS 791/2012 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, SENDO DEMANDANTE DNA. NANCY C. RODRÍGUEZ PADRÓN. EXPTE. 26743/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 12/06/15, da xefa de negociado de Persoal-Seg. Social, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal que di o seguinte:

Con data 09/06/2015, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 5 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 167/2012, sendo demandante D^a Nancy C. Rodríguez Padrón en relación co procedemento 791/2012 en materia de diferenza de cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses pendentes que ascenden a 2.671,96 €.

Dita execución 167/2012 correspondente ao procedemento 791/2012 relativo a demanda de reclamación de cantidades presentada por D^a Nancy C. Rodríguez Padrón contra o Concello de Vigo foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2015.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a

colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 2.671,96 € con cargo a partida 92001410000 "indemnizacións por sentenzas xudiciais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 5 de Vigo, na execución 167/2012, procedéndose ao abono da cantidade de 2.671,96 € en concepto de intereses pendentes unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 co concepto 3630 0000 64 016712.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme,

nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(765).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2015. EXPTE. 26725/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 10/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal que di o seguinte:

Recíbesen escritos do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 03/06/2015, co visto e praxe da Concellería-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Maio de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réxime de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).

Así mesmo, no informe de data 02/06/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de

productividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de productividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da productividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de productividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de productividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3’64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.

Asi mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE

DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 1.019,20 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo

CONCELLO DE VIGO	CEMITERIOS	255	MES DE MAIO	ANO 2015
------------------	------------	-----	-------------	----------

Nº de persoa/l	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,64	22	80,08
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,64	22	80,08
13600	Cabaleiro González, José	3,64	22	80,08
77225	Cid González, Alberto	3,64	22	80,08
82216	Comis González, Esteban	3,64	22	80,08
77691	Conde Lorenzo, Héctor	3,64	22	80,08
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,64	20	72,80
82456	Costas Villar, Alberto	3,64	6	21,84
79828	Cousiño Sendín, M ^a Concepción	3,64	20	72,80
82747	Curras Villar, Manuel	3,64	19	69,16
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,64	20	72,80
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	3,64	3	10,92
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,64	20	72,80
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,64	20	72,80
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,64	20	72,80
<i>Importe total</i>			280 días	1.019,20.€

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(766).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO 2015. EXPTE. 26737/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 10/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal que di o seguinte:

Recíbese no servizo de Recursos Humanos, en data 08/06/2015, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Maio de 2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao

servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Mobil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos suponen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimento, e que inclúe non só aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a todos os postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 cítase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase máis axeitado nestes intres considerarlos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados

obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- "Productividade", por importe de 284'58 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	94'86 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	94'86 €
16142	Martins Fernández, Juan A.	94'86 €
TOTAIS		284'58 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(767).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE DNA. M. CARMEN ALONSO OTERO POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO 2014 A ABRIL 2015. EXPTE. 26726/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 10/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal que di o seguinte:

Recíbesen escritos do xefe de Participación Cidadá en data 02/06/2015, co visto e praxe da Concellerío-delegado da Área, relacionando o empregada dona M^a do Carmen Alonso Otero (nº persoal 82540) adscrita a dito servizo e que ten dereito a percibir o complemento de productividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente aos meses de Outubro-2014 a Abril-2015, na que se indica Nº de Persoal, nome e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de productividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.

Dita funcionaria realiza a súa actividade laboral na Oficina Municipal de Distrito "A Miñoa" en réximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal de lúns a sábado, en horario de mañá e tarde, según ás necesidades do Servizo.

Compróbase por parte deste Servizo que nas datas propostas para o aboamento do complemento de productividade por prestar servizos en réxime de xornada partida a empregada municipal proposta non disfrutou de vacacions, permisos nin tivo baixa por I.T..

O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do

Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a

dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3'64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade a dona M^a do Carme Alonso Otero (nº persoal 82540), pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, pola cantidade de 371,28 €, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade".

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(768).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO 2015. EXPTE. 26727/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 10/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área de Xestión municipal que di o seguinte:

Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Maio de 2015, todas elas co visto e praxe dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, Bibliotecas, Museo, Limpeza, Participación Cidadá e Parque Central.

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Maio	170,00	683,40	39,00	106,08	789,48
Extinción Incendios	Maio	1.015,00	4.080,30	286,00	777,92	4.858,22
Policia Local	Maio	12.620,00	50.732,40	10.185,73	27.705,19	78.437,68
Cemiterios	Maio	616,25	2.477,33	0,00	0,00	2.477,33
Parque Móbil	Maio	20,00	80,40	98,00	266,56	346,96
Turismo	Maio	183,00	735,66	0,00	0,00	735,66
Bibliotecas	Maio	20,00	80,40	0,00	0,00	80,40
Museo	Maio	82,75	332,66	0,00	0,00	332,66
Limpeza	Maio	14,00	56,28	3,00	8,16	64,44
Participación Cidadá	Xaneiro a Maio	49,00	196,98	0,00	0,00	196,98
Parque Central	Maio	264,00	1.061,28	279,00	758,88	1.820,16
TOTAIS		15.054,00	60.517,08	10.890,73	29.622,79	90.139,96

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos:

No caso dos policías-seguridad de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da Área, de data 03/06/2015.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Parque Móbil.- en informes de data 05/06/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrompido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Bibliotecas.- Dado que a Biblioteca Juan Compañel desenvolve un horario de atención ao público de luns a sábados, o persoal que adscrito a mesma ten que desempeñar as súas funcións segun os turnos estalecidos, incluídos os sábados en horario de 10.00 a 14.00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Museos.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Limpeza.- Proponse o aboamento ao persoal do servizo, en concepto de nocturnidade, polo desenvolvemento de funcións de inspección contratadas de limpeza en horario fora da xornada laboral, considerado nocturno (22:00 a 24:00h e 5:45 a 6:45 h).

Participación Cidadá.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal das oficinas Municipais de Distrito correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Parque Central.- Con data 02/06/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, remite informe sobre horario de execución das tarefas de vixilancia que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Inclúese no presente expediente relación de persoal do Servizo da Policía Local ao que lle corresponde o aboamento dos recargos por festividade e nocturnidade, polo desempeño das súas funcións segun turnos de traballo (cuadrante), exceso de xornada ou asistencias a xulgados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

*“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución: os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **90.139,96 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”*

SERVICIO	MES	Apelidos e Nome	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Maio	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	683,40	106,08	789,48
Extinción Incendios	Maio	De Alonso Barcia, Rubén a Villar Gutierrez, Alberto	4.080,30	777,92	4.858,22
Policía Local	Maio	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	50.732,40	27.705,19	78.437,68
Cemiterios	Maio	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.477,33	0,00	2.477,33
Parque Móbil	Maio	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	80,4	266,56	346,96
Turismo	Maio	De Barreiro Fidalgo, Natalia a Mosquera González, Antía	735,66	0,00	735,66
Bibliotecas	Maio	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	80,40	0,00	80,40
Museo	Maio	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	332,66	0,00	332,66
Limpeza	Maio	De Arango Fernández, Luciano	56,28	8,16	64,44
Participación Cidadá	Xaneiro a Maio	De Zaragoza Bastos, Juan a Alonso Otero, M ^a del Carmen	196,98	0,00	196,98
Parque Central	Maio	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leiros, Alfonso	1.061,28	758,88	1.820,16
TOTAIS			60.517,08	29.622,79	90.139,96

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(769).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS:

A) AUTORIZACIÓN HORAS PARA A OFICINA DE SUPERVISIÓN DE PROXECTOS E INSPECCIÓN DE OBRAS DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2015. EXPTE. 26719/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 04/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para a Oficina de Proxectos (OSPPIO), asinada polo xefe do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:*

Posto	Servizo	NP	Nome
Axudante de Oficinos	Ospio	79185	Ferro Macho, Ángel
Inspector Obras	Ospio	17489	Lobato Cameselle, Ricardo
Inspectora control concesionarias	Ospio	78929	Romero Gil-Delgado, Loreto
Inspector de Vías y Obras	Ospio	13273	Rial Vázquez, Ramón

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 192 horas, a realizar durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2015, para realizar os traballos de inspección e control das distintas humanizacións da cidade.

2.- *Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 04/06/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
79185	Ferro Macho, Ángel
17489	Lobato Cameselle, Ricardo
78929	Romero Gil-Delgado, Loreto
13273	Rial Vázquez, Ramón

A presente autorización outórgase nun máximo total de 192 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2015, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Oficina de Proxectos en data 01/06/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá

superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 11.06.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE PARQUE MÓBIL DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2015. EXPTE. 26722/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 02/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do servizo de Conserxería, asinada pola xefa do servizo e conformada pola xefa da Área de Réxime Interior.

Ditas horas solicítanse para cubrir os traballos en previsión das posibles solicitudes que se poidan realizar dende Alcaldía de xeito urxente, e que en ningún caso poderán superar as 16 horas mensuais por cada empregado municipal que as realice.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 05/06/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral,

polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral os empregados/as municipais adscritos ao servizo de Conserxería, que seguidamente se indica:

Nº PERSOAL	APELIDOS E NOME
79495	González Peinado, M ^a de los Ángeles
79844	Ocampo Carracelas, Vanesa
22540	Villares Vila, Modesta
80698	Vázquez Álvarez, Rosa
80477	Parente Vigo, Teresa
9700	Rodríguez Fernández, J. Luis
12055	Fernández Alonso, J. Ángel
15036	Albor Rodríguez, Javier
82159	Bueno Alonso, Diego
79655	Leira Pérez, Xosé Ramón

A presente autorización outórgase para o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de 2015, nos termos dos escritos asinados pola xefa de Conserxería en data

03/06/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 15.06.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) AUTORIZACIÓN HORAS PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2015. EXPTE. 26738/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/06/15, da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 08/06/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o Servizo do Parque Móbil, asinada polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e conformado polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Xefe de Equipo	Parque Móbil	12753	Gil González, Antonio
Oficial Conductor	Parque Móbil	80679	Alonso González, Angel
Oficial Conductor	Parque Móbil	77650	Fernández Riveiro, Javier
Oficial Conductor	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial Conductor	Parque Móbil	14723	Romero Cobas, José Luis
Oficial Mecánico	Parque Móbil	78822	Agulla Amorin, Francisco J.
Oficial Conductor	Parque Móbil	82143	Graña Feijoo, David
Oficial Conductor	Parque Móbil	09159	Riveiro Rodríguez, José
Oficial Mecánico	Parque Móbil	81986	Martínez García, Juan

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 240 horas, a realizar durante os meses de xuño, xullo e setembro de 2015, para efectuar traballos de mantemento dos vehículos en prolongación de xornada polas tardes (pre ITV-cambios aceite-engrase camións, máquinas, tractores, etc.).

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2015, ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo do Parque Móbil, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
12753	Gil González, Antonio
80679	Alonso González, Angel
77650	Fernández Riveiro, Javier
80659	Carballo Magariños, Jesús
14723	Romero Cobas, José Luis
78822	Agulla Amarin, Francisco Javier
82143	Graña Feijoo, David
09159	Riveiro Rodríguez, José
81986	Martínez García, Juan

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro de 2015, nos termos do escrito asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo concelleiro-delegado de Fomento en data 05/06/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 15.06.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

D) REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO NA FUNCIÓN PÚBLICA LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ, PROCEDENTE DO

DESEMPEÑO DA TITULARIDADE DE ÓRGANO DIRECTIVO MUNICIPAL (INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL). EXPTE. 26650/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta do 20/05/15, da xefa do Servizo de Recursos Humanos que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 22.02.2012 (expediente administrativo nº 22.835/220) declarouse o pase á situación administrativa de servizos especiais do funcionario municipal D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ, con nº de persoal 20.333, con praza de Economista, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior, adscrito ao posto de Xefe do Servizo de Contabilidade do Concello de Vigo, debido a ter sido nomeado Interventor Xeral Municipal, órgano directivo municipal conxunto ao disposto no artigo 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en aplicación do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- En data 17/05/2015 prodúcese o cesamento do indicado funcionario na titularidade do órgano directivo indicado por finalización da comisión de servizos autorizada pola Xunta de Galicia (Resolución do Director Xeral de Administración Local de data 17.11.2014) segundo acta de cese de data 18/05/2015, procedendo en consecuencia o reingreso do funcionario citado ao servizo activo na función pública local do Concello de Vigo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, establece que quenes se atopen na situación administrativa de servizos especiais terán dereito, ao menos, a reingresar no servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escalón da carreira consolidados, dacordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertencen. Terán, asemade, os dereitos que cada Administración Pública poda establecer en función do cargo que orixinase o pase á mencionada situación. Na data actual, a Xefatura do Servizo de Contabilidade está en situación de vacancia, sendo éste o posto de traballo de orixe ao cal estaba adscrito o Sr. García Álvarez no momento da declaración da situación administrativa de servizos especiais, procedendo, en consecuencia, materializar o reingreso no mesmo.

II.- O artigo 57.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) establece que "excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, y, asimismo, cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas", de xeito tal que os efectos económicos e administrativos do reingreso deben ser os do día 18.05.2015, seguinte ao do cesamento –efectuado o 17.05.2015 segundo acta de cesamento-.

III.- Vistas as competencias delegadas ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 30.07.2014, en canto á declaración de situacións administrativas do persoal municipal, e de conformidade coa motivación que antecede, elévase ao dito órgano municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Dispoñer o reingreso do funcionario municipal D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ, con nº de persoal 20.333, con praza de Economista, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración especial, subescala técnica, clase superior, na función pública local do Concello de Vigo, mate-

realizado no posto de traballo de Xefe do Servizo de Contabilidade, por cesamento do indicado funcionario na titularidade da Intervención Xeral Municipal -órgano directivo ex artigo 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril- consecuencia da finalización da comisión de servizos autorizada pola Xunta de Galicia (Resolución do Director Xeral de Administración Local de data 17.11.2014), segundo acta de cese de data 18/05/2015 incorporada ao expediente administrativo, con efectos económicos e administrativos do día 18.05.2015, nos termos e condicións do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao funcionario indicado, Xefatura da Área de Réxime Interior, xefatura do Negociado de Seguridade Social do Servizo de Recursos Humanos e técnico de planificación e organización aos oportunos efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 26.05.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

E) RECOÑECIMENTO GRAO PERSOAL CONSOLIDADO SOLICITADO POR D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ. EXPTE. 26692/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta do 03/06/15, da xefa do Servizo de Recursos Humanos que di o seguinte:

“1.- En escrito de data 02/06/2015 (documento nº 150070552) D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ, con nº de persoal 20.333, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino consolidado, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento, con efectos económicos e administrativos do 18/05/2015.

2.- Comprobado o expediente persoal do solicitante obrante no Servizo de Recursos Humanos, resultan os datos seguintes:

-tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira do Concello de Vigo.

-praza: Economista, subgrupo A1, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior.

-posto de traballo actual: Xefatura do Servizo de Contabilidade.

- nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo de procedencia: nivel 28.

-nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo cuxa consolidación se solicita: nivel 30 (RPT publicada en BOP nº 220, do martes 16/11/2010).

-outros datos de relevancia: o solicitante desempeñou a titularidade da Intervención Xeral Municipal (órgano directivo municipal reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional) durante o período e en base aos actos administrativos seguidamente indicados:

-Resolución da Alcaldía de 09/02/2012: nomeamento accidental como Interventor Xeral Municipal.

-Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de 16/02/2012 (efectos de dita data): nomeamento como Interventor Xeral en comisión de servicios (1 ano) e outro ano de prórroga autorizada por Resolución do mesmo órgano de 19/02/2013 (data de efectos de 24/02/2013).

-Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 18/02/2014 (efectos de 24/02/2014): nomeamento accidental como Interventor Xeral.

-Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 17/11/2014: autorización de prórroga de 6 meses da comisión de servicios autorizada por resolución da propia Dirección Xeral de Administración Local de data 18/02/2014.

Por tanto, consta a adscripción á Intervención Xeral durante máis 2 anos continuados ou 3 anos con interrupción, tendo asignado o posto de traballo de mesma denominación o nivel 30 de complemento de destino.

Indícase expresamente que o solicitante, ademais de funcionario de carreira do Concello de Vigo, ten a condición de funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, pertencente á Subescala de Intervención-Tesourería, con nº de rexistro de persoal 36017888A, segundo documentación obrante no expediente persoal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL:

- Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) en relación co art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro.
- Artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo: **o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos de traballo do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión.** En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en canto que nos aspectos nos que non exista reserva en favor da lexislación do Estado resulte aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 7) e no que non esté pendente de desenvolvemento regulamentario pola CCAA.

- *Acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998: recolle o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.*
- *Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.*

II.- CONCLUSIÓNS:

Procede o recoñecemento da consolidación do nivel 30 de complemento de destino, segundo os antecedentes expostos e a motivación legal indicada.

Non procede a retroactividade dos efectos do acto administrativo solicitada, dada a data de iniciación do procedemento a solicitude do interesado (data da solicitude 02/06/2015, data de inicio do procedemento 02/06/2015) por non concorrer os requisitos legalmente establecidos ao efecto no artigo 57,3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

III.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

*De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***PRIMEIRO.-** Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 30 ao funcionario de carreira D. LUIS GARCÍA ÁLVAREZ, con nº de persoal 20.333, con praza de Economista, subgrupo A1 de titulación, e posto de traballo de Xefe do Servizo de Contabilidade, a petición do mesmo e motivada no desempeño durante máis de dous anos continuados ou tres con interrupción de posto de traballo co citado nivel asignado, consonte á verificación dos datos obrantes no seu expediente persoal e segundo o informe-proposta que antecede.*

***SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución ao interesado e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”*

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 04/06/15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

F) PERMISO SEN SOLDADO DE DNA. M. MERCEDES SOTELO VÁZQUEZ DESDE 03/08/2015 AO 15/09/2015 (ÁMBOS DOUS INCLUSIVE). EXPTE. 26684/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta do 03/06/15, da xefa do Servizo de Recursos Humanos que di o seguinte:

"A medio escrito de data 27/05/2015 (doc. nº 150067271) D^a Mercedes Sotelo Vázquez, con NIF 36.119.708-W e núm de persoal 78967, ordenanza-porteiro, adscrita ao Servizo de Bibliotecas, solicita permiso non retribuído do 3 de agosto ata o 15 de setembro de 2015 (ámbolos dous inclusive).

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17.c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao otorgamento do referido permiso, dado que polo Xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, infórmase con data 01/06/2015 que non existe inconveniente para atender dita solicitude, toda vez que o servizo queda cuberto.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, racionalización e sostibilidade da Administración Local e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/14, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal a seguinte.

RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- *Autorizar a D^a Mercedes Sotelo Vázquez, con NIF 36.119.708-W e núm de persoal 78967, ordenanza-porteiro, adscrita ao Servizo de Bibliotecas un permiso sen soldo do 3 de agosto ao 15 de setembro de 2015 (ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- *Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 11.06.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(770).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTROS DE FORMIGÓN, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 65970/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/06/2015, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras do 22/05/2015, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

“Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 8 de maio de 2015, a empresa TRANSPORTES PABLO VAL, SL., solicita, a revisión do contrato de referencia.

En relación coa dita solicitude, emítese o seguinte informe:

Con data 14 de setembro de 2012, a Xunta de Goberno Local aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas particulares, redactados polo Xefe do Servizo de Vías e Obras con datas 21 de agosto e 15 de febreiro do ano 2012, baixo os cales se licitou o contrato para os subministros de formigón, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo.

Con data 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local adxudicou por procedemento aberto o referido contrato a favor de TRANSPORTES PABLO VAL, SL., cunhas baixas porcentuais únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1 (formigóns), 1,6% para o lote 2 (áridos), 1% para o lote 3 (materiais de construcións); e 1% para o lote 4 (ferretería).

Con data 22 de abril de 2013, o Concello de Vigo asinou co adxudicatario o correspondente contrato.

Con data 24 de maio de 2013 a Xunta de Goberno Local, aproba a corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno local do 22.03.13 de adxudicación da contratación do expediente, polo cal os prezos máximos para os lotes adxudicados queda nos seguintes importes: Lote 1: 290.000 euros, Lote 2: 160.000 euros, Lote 3: 360.000 euros e Lote 4: 90.000 euros, que incorporouse ao contrato asinado polas partes.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de outubro de 2014, adoptou acordo de aprobar a revisión de prezos do contrato de subministro de formigóns, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo, para o período comprendido entre o 22 de abril de 2014 e o 21 de abril de 2015, nunha porcentaxe do 0.94 %. A dita porcentaxe resulta ser o 85 % do 1,1 %, variación do IPC no período anterior a considerar.

Con data 2 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a prórroga do contrato de subministración de formigóns, áridos, materiais de construción e materiais de ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo asinado con

TRANSPORTES PABLO VAL S.L , polo período de dúas anualidade a contar dende o 22 de abril do presente ano 2015, segundo o apartado 2.c das FEC, polos lotes 1 (formigóns), 2 (áridos), 3 (materiais de construción), e 4 (materiais de ferretería) e por uns prezos totais respectivos de 290.000 euros/ano, 160.000 euros/ano, 360.000 euros/ano; e 90.000 euros/ano e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 9% para o lote 1, 6% para o lote 2, 1% para o lote 3; e 1% para o lote 4. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada e o acordo da Xunta de Goberno Local de revisión de prezos do contrato para o período comprendido entre o día 22 de abril de 2014 e o día 21 abril de 2015, nunha porcentaxe do 0,94 %, sen prexuízo das revisións dos mesmos establecidas no contrato.

Examinados os anteriores antecedentes, e en relación coa petición obxecto deste expediente, debe sinalarse que, a apartado 3J das FEC, anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, establece que: "O prezo do contrato actualizarase segundo a evolución do índice de prezos o consumo (IPC Nacional) do ano inmediatamente anterior, unha vez deducido o imposto do valor engadido (IVE) aplicando o IPC ao contrato segundo ven regulado polo TRLCSP, o cal será do 85% do valor do IPC."

Neste caso, toda vez que o contrato foi obxecto de prórroga sobre os dous anos previstos, e realizándose unha revisión de prezos para o período 22 de abril de 2014 a 21 de abril de 2015, para o cálculo da revisión de prezos solicitada, a xuízo de quen subscribe, debe axustarse ao establecido no art. 9 do TRLCSP aprobado por R.D.L. 3/2011, vixente no intre da sinatura do contrato "... o índice ou fórmula de revisión aplicable ao contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto da data de adxudicación do contrato, sempre que a adxudicación prodúzase no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termine devandito prazo de tres meses se a adxudicación prodúcese con posterioridade." Polo cal procede a valoración da revisión do IPC deberemos ter en conta as seguintes datas:

-Data límite para presentación do ofertas: De acordo cos anuncios do proceso de licitación o prazo para a presentación de ofertas o proceso de licitación deste contrato estableceuse no día 23 de novembro de 2012.

-Adxudicación do contrato: 22 de marzo de 2013.

Polo exposto a data que determinará o período de revisión e a de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas: 23 de febreiro de 2013.

Atendendo a data de finalización do período da última revisión de prezos, 22 de abril de 2015, o período da revisión que agora se propón será de aplicación no período do 22 de abril de 2015 a 21 de abril de 2016. Inclúese cadro de "variacións de IPC en distintos períodos do contrato e períodos de aplicación de revisións de prezos".

Do anterior resulta:

- Período a contemplar a variación de IPC: febreiro 2013 / abril 2015
- Variación IPC en período indicado: 0,5 %
- Revisión de prezos a aplicar, 85 % variación IPC: 0,43 %
- O resultado concreto da revisión, para cada un dos lotes, figura no cadro asinado polo Xefe de Servizo de Vías e Obras, con data 21 de abril de 2015 "importes anuais do contrato por aplicación das sucesivas revisións de prezos".

Para a revisión de prezos se deberá terse en conta que no apartado 3F das FEC contéplase como "PREZOS UNITARIOS" aqueles especificados nos Anexos do prego de prescricións técnicas particular, os cales non contemplan o IVE, aos que terase que aplicar a revisión do 0,43 % que agora se propón e posteriormente a baixa proposta polo adxudicatario. Achéganse cadro de "importes anuais do contrato por aplicación das sucesivas revisións de prezos" e importe do contrato por exercicios".

Para facer fronte ao gasto derivado da revisión existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.210.00.00 "conservación de viais e espazos públicos".

Previamente a someter a proposta a coñecemento e aprobación, no seu caso, da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación competente de conformidade co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, precísame o informe favorable de fiscalización da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por isto, e en base ao anterior informe, propónse a Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato para subministro de formigón, áridos, materiais de construción e ferretería para o Taller de Fomento do Concello de Vigo para o período comprendido entre o día 22 de abril de 2015 e o día 21 abril de 2016, nunha porcentaxe do 0,43 %.

2º.- O presente acordo notifíquese ao contratista ofrecéndolle os recursos que legalmente procede."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(771).- PROPOSTA DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍA E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA EN RELACIÓN COAS DEFICIENCIAS DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA BAIONA". EXPTE. 2835/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/06/15, dáse conta do informe-proposta do 23/06/15, da técnica de Xestión da área, conformado polo xefe e polo asesor xurídico da mesma e así mesmo polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

"Examinada a observación do informe de Intervención de data 22 de xuño de 2015 (en canto a inclusión dun pronunciamento expreso do órgano resolutorio respecto da liquidación provisional realizada pola OSPIO dos gastos que se estiman respecto dos traballos a realizar para enmendar a execución defectuosa) procedeuse a súa corrección, incluíndo esta no apartado segundo da parte dispositiva da proposta, quedando a proposta reformulada como segue:

Antecedentes

I.- En data 21 de xaneiro de 2009, a Xunta de Goberno Local aprobou os proxectos e pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto e trámite de urxencia das obras de humanización dos ámbitos das rúas Estrada (lote nº 1) e Baiona (lote nº 2), así como a convocatoria de licitación.

II.- Tras a tramitación do correspondente procedemento de licitación, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2009, se adjudicou definitivamente á mercantil "Construcciones Gamallo, S.L.U." o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización do ámbito das rúas Estrada e Baiona. Lote 2: Rúa Baiona" (expediente 81-440), por un prezo total de 1.812.829,21 euros IVE incluído e un prazo de garantía da obra de 60 meses.

O contrato se formalizou con data 7 de abril de 2009. Consta que, para responder do cumprimento deste contrato, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 78.139,19 euros mediante aval da entidade SOGARPO S.G.R., segundo mandamento de ingreso nº 200900014846, de data 23 de marzo de 2009.

III.- A acta de comprobación do replanteo asinouuse o día 13 de abril de 2009.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de outubro de 2009, acordou aprobar o proxecto modificado, sen importe adicional, do proxecto inicial (expediente 136-440).

V.- O 20 de novembro de 2009 tivo lugar a recepción das obras; a partir desta data comeza a computarse o prazo de 60 meses de garantía.

VI.- Tras unha inspección in situ, con data 30 de outubro de 2014, se emite informe sobre o estado das obras polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, director facultativo da obra, no que pon de manifesto a aparición dunha serie de deficiencias como consecuencia dunha mala execución (básicamente, losetas soltas e/ou fora de rasante, losetas rotas e afundimento en beirarrúa e calzada próximo ao alcorque esquina coa rúa Redondela e afundimento de aglomerado próximo ao cruce coa rúa Redondela -adxunta reportaxe fotográfico da visita de inspección do 28/10/2014-). No mesmo, o Director de obra require ao contratista a subsanación das mesmas, concedendo un prazo máximo de quince días para comezar os traballos de arranxo e un prazo máximo de execución de un mes, co apercibimento da execución subsidiaria polo Concello a súa costa en caso de incumprimento do requirimento ou non finalización dos traballos no prazo establecido, previa incautación da garantía definitiva.

Ao non ser posible a notificación persoal no seu último domicilio coñecido, resultando "descoñecido", procedeuse a súa práctica a través de anuncio conforme co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 para ser notificado por comparecencia nos dez días hábiles seguintes á publicación (BOP de Pontevedra nº 228 do 25 de novembro de 2014 e exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense dende o 24 de novembro ao 12 de decembro de 2014). Non comparecendo en dito prazo se lle deu por notificado a tódolos efectos o 10 de decembro de 2014 -día seguinte ao do vencemento do prazo para comparecer-.

VII.- Con data de rexistro de entrada neste Concello o 12 de febreiro de 2015 (e data de entrada no Rexistro Xeral do Mº Facenda e Administracións Públicas-Subdelegación do Goberno en Ourense o 9 de febreiro de 2015), D. Julio José Ramos Martínez, en nome e representación

da mercantil, presenta escrito solicitando a devolución da garantía definitiva constituída. Adxunta resolución xudicial de declaración de concurso da sociedade.

VIII.- Con data 17 de marzo de 2015 se emite novo informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras no que fai constar que, xirada visita de inspección o 4 de febreiro de 2015, os traballos de reparación das deficiencias non foron executados. Ao seu informe achega reportaxe fotográfico da data da inspección e unha relación detallada e valorada dos traballos, que ascende a un orzamento de execución material de 5.078,26 euros (orzamento de contrata: 7.312,19 euros).

IX.- En data 13 de abril de 2015 o Concelleiro delegado da Área de Fomento resolve, consonte ao informe-proposta da mesma data, iniciar procedemento de execución subsidiaria dos traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas obras de referencia, con incautación parcial da garantía definitiva constituída polo contratista para responder da correcta execución do contrato; outorgando ao administrador concursal da mercantil Construcciones Gamallo, S.L.U. en liquidación (e que, conforme ao art. 145 da Lei Concursal, substitúe aos administradores societarios) e a entidade avalista Sogarpo, S.G.R. trámite de audiencia a fin de que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.

O 17 de abril de 2015, o administrador concursal da sociedade e a entidade avalista reciben a notificación da resolución adoptada, conferíndolle o citado trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

X.- Durante o trámite concedido, o administrador concursal presenta escrito de alegacións e, en base a elas, finaliza solicitando a este Concello que acorde o sobreseimento e arquivo do presente expediente e, subsidiariamente e para o caso de que non se admita esa primeira solicitude, que se reduza o importe da garantía definitiva a incautar (doc. nº 150052872, con data de presentación na Oficina de Correos o 29/04/2015); que foi informado con data 26 de maio de 2015 polo Xefe da OSPIO-director facultativo da obra.

Non consta no expediente a presentación de alegación, documento ou xustificación algunha pola entidade avalista.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- A lexislación aplicable, a cuxo amparo se efectuou a contratación, é a seguinte:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).
- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba os créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante, LRXAP-PAC).
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Segundo.- *Responsabilidade de Construcciones Gamallo, S.L.U.*

O artigo 205.3 LCSP sinala que nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, agás os supostos nos que se estableza outro prazo nesta Lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Particularmente, para o contrato de obras, o art. 213.3 LCSP expresa que durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

O artigo 218.3 LCSP sinala que, dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 219 (responsabilidade por vicios ocultos), e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Finalmente, o artigo 219 LCSP expresa “Se a obra se arruina con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perdas durante o prazo de quince anos, a contar dende a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista”.

Pola súa parte, o artigo 167 RXLCAP 1098/2001 dispón que durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto nos pregos e ás instrucións que dea o director da obra. Si se descoidase a conservación e dese lugar a que peligre a obra se executarán pola Administración e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano. No mesmo senso, a cláusula 7.5.2 do prego de prescricións técnicas e a cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato.

Resumindo, e tal como afirma a xurisprudencia, a normativa en materia contractual distingue tres períodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas: o primeiro se iniciará coa recepción da obra, momento no que se produce a entrega da mesma á Administración e comeza o período de garantía, no que o contratista responde dos defectos de construción, quedando igualmente obrigado a efectuar as labores de conservación e policía, asumindo a Administración os demais riscos, salvo por vicios ocultos; o segundo comeza cando se extingue o prazo de garantía e se refire exclusivamente aos “vicios ocultos por incumprimento do contrato por parte do contratista”, isto é, a aqueles cuxa existencia non se puido delatar nese período anterior, precisamente porque non tiñan unha manifestación externa e, ademais, determinan a ruína do construído; o terceiro e último é o que se inicia a partir dos quince anos desde a recepción, no cal o contratista non ten ningunha responsabilidade.

O caso que nos ocupa tivo lugar no prazo de 60 meses de garantía a contar dende a recepción das obras por esta Administración, por canto a recepción das obras tivo lugar o 20 de novembro de 2009 e as deficiencias foron detectadas polo director facultativo da obra o 28 de outubro de 2014 (data da inspección a efectos do disposto no artigo 218.3 LCSP), emitindo informe técnico/requirimento ao respecto o 30 de outubro de 2014.

As obras foron recepcionadas por este Concello o día 20 de novembro de 2009, data que determinou o prazo de garantía de 60 meses, que rematou o pasado 20 de novembro de 2014. Non obstante, a constatación de defectos imputables ao contratista no prazo de garantía implicou a súa ampliación.

Terceiro.- *Incautación da garantía definitiva.*

O artigo 88 LCSP enumera os conceptos dos que responden as garantías definitivas: entre outros, da correcta execución das prestacións contempladas no contrato e dos danos e perdas ocasionados á Administración con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.

O artigo 85 LCSP permite que persoas ou entidades distintas do contratista presten garantías a favor deste, de forma que estes terceiros non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código Civil. Esta previsión é para os supostos de constitución da garantía mediante aval ou seguro de caución, aclarando o art. 85.2 LCSP que, nestes dous casos, o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992.

O aval se configura como unha obriga accesoria doutra principal, cuxo cumprimento garantiza. En canto a extensión da garantía definitiva, o Informe 36/99, de 12 de novembro de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sinala que "... A la más elemental noción del derecho responde la idea de que las garantías en general, los avales en particular, responden exclusivamente del cumplimiento de la obligación garantizada y no del resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 Cc.) la responsabilidad del garantista o avalista se limita a la obligación que se garantiza, en este caso la correcta ejecución del contrato de limpieza viaria como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Cc. y de la propia Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, cuyo art. 44 al enumerar los conceptos de los que responden las garantías definitivas (penalidades, obligaciones, gastos y daños y perjuicios derivados del incumplimiento del contrato e incautación en casos de resolución) y liga lógicamente tales conceptos al incumplimiento del contratista y, además, frente a la Administración y no frente a terceros". En consecuencia, o aval a executar deberá destinarse na súa totalidade ao cumprimento da obriga principal, debendo proceder á devolución da contía sobrance si é que a houbera, logo da execución subsidiaria.

Requirido, polo tanto, o contratista para a reparación dos defectos advertidos pola dirección facultativa, o contratista está obrigado a súa subsanación e reparación e, si se produce incumprimento, a Administración contratante poderá executar a garantía prestada para asegurar as obras de arranxo.

Consta no expediente informe do técnico director facultativo no que se constata a falta de subsanación dos desperfectos e deficiencias observados nas obras, con valoración do custo dos traballos pendentes que ascende á cantidade de 7.312,19 euros. En base a dita valoración efectuada resulta que o importe dos traballos a realizar é inferior á cantidade da garantía constituída; co cal, ésta será incautada na contía necesaria para subsanar as deficiencias detectadas. Isto é, 7.312,19 euros, IVE incluído, que constituirá o gasto provisional trasladable á contrata. Unha vez executadas as obras de reparación, a Dirección Facultativa ou Responsable da obra debe emitir informe no que se inclúa o custe definitivo da mesma.

Cuarto.- Valoración das alegacións presentadas polo administrador concursal da sociedade Construcciones Gamallo, S.L.U. en liquidación.

Durante o trámite de audiencia concedido, o administrador concursal presenta escrito de alegacións cuxo contido, en síntese, é o seguinte:

- Que as deficiencias detectadas non surxen dunha mala execución da obra imputable á mercantil, senón que surxen directamente do mal uso que se está levando a cabo polos usuarios (alegación primeira do seu escrito).*
- Que a valoración efectuada polo Xefe da OSPIO do custo de reparación das deficiencias é excesiva (alegación segunda do seu escrito).*

Con data 26 de maio de 2015, se emite informe polo Xefe da OSPIO-director facultativo das obras de contestación as citadas alegacións:

- Respecto da alegación primeira afirma que “Las fotos de los desperfectos mencionados y recogidos en mi informe de fecha 30 de octubre de 2014, no pueden ser atribuidos a un mal uso por parte de los coches, ya que las zonas en mal estado con losetas levantadas, en algunos casos coinciden en zonas donde los coches pueden aparcar en calzada y en otros son de difícil acceso para los vehículos (foto loseta suelta en esquina con Mondariz, lado impar junto a jardinera y papelería). En todo caso las fotos que aportan como prueba del mal uso de las aceras, no coinciden con los puntos de los desperfectos mencionados en mi informe, incluso existe alguna foto fuera del tramo de la obra (foto inferior en la página nº 6) y fotos con vehículos a dos ruedas, cuyo impacto para una acera con losas de piedra sobre una base de hormigón sería despreciable (foto página 5, 7, 8, 9 y 10).

En cuanto a la señal de tráfico mencionada en la página 10 de su informe, decir que la misma fue recolocada por los servicios municipales y en su día no se observaron golpes en la misma.

En la página 11 de su informe mencionan los desperfectos en la esquina con la calle Redondela y alegan que el pavimento fue sustituido por mortero y hormigón por parte de un tercero. Respecto a esto, decir que los servicios municipales hicieron una reparación provisional de la zona con la intención de dejarla transitable para los peatones, pero se realizó debido al mal estado de las losetas.

En cuanto al hundimiento del aglomerado en el cruce con la calle Redondela, el técnico que suscribe expresa que por simple observación, esta zona de obra pertenece a la empresa Construcciones Gamallo, SLU. Se puede ver claramente la junta entre las dos obras.”

- Respecto da alegación segunda, sostén que “Por último en respuesta al apartado segunda de su escrito en cuanto a una valoración excesiva de los daños realizada por este técnico, sólo me

queda expresar que la valoración se ajusta a precios habituales de mercado y en todo caso siempre pueden proceder a subsanar las deficiencias mencionadas con sus medios propios”.

Polo tanto, polos motivos expostos no referido informe técnico municipal de data 26 de maio de 2015, as alegacións do interesado non contradín con fundamento suficiente as conclusións dos informes técnicos nin os argumentos contidos no acordo de incoación do expediente.

Quinto.- O artigo 63 do RXLCAP 1098/2001 establece que a Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local -neste último caso, a Tesourería Municipal-, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Sexto.- Á vista dos feitos relatados e as consideracións xurídicas expostas se pode concluir que:

a) Dentro do prazo de garantía se detectaron deficiencias nas obras, consecuencia dunha mala execución das mesmas.

b) Se dirixiu requirimento ao contratista para que procedera a debida reparación das deficiencias, co apercibimento de que si os traballos de arranxo das deficiencias non se iniciaban no prazo máximo de quince días ou non se remataban no prazo de un mes, o Concello procedería a execución subsidiaria con incautación da garantía aportada no seu momento e afectada ao bo fin da obra; constando que o contratista non atendeu ao requirimento.

c) Segundo o artigo 95 da LRXAP-PAC, o Concello pode proceder, previo apercibimento, á execución forzosa das obras de arranxo, mediante algún dos medios que o artigo 96 do mesmo corpo legal prevé, e que para o asunto que nos ocupa, respectando o principio de proporcionalidade, se propón que sexa o de execución subsidiaria con cargo a garantía definitiva outorgada mediante aval bancario. A estos efectos, consta no expediente o orzamento económico valorando os custos de execución dos traballos de arranxo.

d) Dado que o contratista non executou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras, outorgando un prazo de audiencia de dez días ao administrador concursal e a entidade avalista.

No referido trámite, o administrador concursal da sociedade en liquidación formula escrito de alegacións. Con base ao contido do informe técnico de data 26 de maio de 2015 emitido ao respecto polo Xefe da OSPIO-director facultativo da obra, proponse a súa desestimación e, en consecuencia, a incautación parcial da garantía definitiva coa finalidade de acometer os traballos de reparación das deficiencias observadas na obra.

e) Para executar subsidiariamente os traballos de arranxo das deficiencias detectadas, o Concello o pode facer polos seus propios medios ou a través das persoas que determine segundo permite o artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en cuxo caso se tramitará o procedemento administrativo contractual que esixa o actual Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 3/2011, de 14 de novembro.

Séptimo.- O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Oitavo.- *Previamente a someter o expediente a coñecemento e resolución do órgano de contratación e de acordo co previsto no artigo 214 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Intervención Municipal emite informe en data 22 de xuño de 2015.*

Por todo o exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas polo administrador concursal da sociedade Construcciones Gamallo, S.L.U. en liquidación., polos motivos expresados no informe técnico emitido con data 26 de maio de 2015 por parte do Xefe da OSPIO-director facultativo da obra e anteriormente transcrito na parte expositiva.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación, con carácter provisional, da cantidade de 7.312,19 euros, en concepto de gastos que se estiman respecto dos traballos a realizar subsidiariamente polo Concello para enmendar a execución defectuosa, conforme á valoración técnica que obra no expediente, e a reserva da liquidación definitiva que se practique unha vez realizados os mesmos.

TERCEIRO.- Incautar a garantía definitiva constituída por Construcciones Gamallo, S.L.U. para reponder do correcto cumprimento do contrato de obras de "Humanización do ámbito das rúas Estrada e Baiona. Lote 2: Rúa Baiona", a consecuencia do incumprimento de obrigas contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas dunha mala execución das obras detectadas durante o prazo de garantía. Dita garantía foi prestada mediante o seguinte aval bancario (contabilizado co nº de operación 200900014846):

- Aval de SOGARPO, S.G.R. con CIF V-36.622.082 avalando a CONSTRUCCIONES GAMALLO, S.L. con CIF B-32.015.273, para responder do cumprimento do contrato ante o CONCELLO DE VIGO por importe de 78.139,19 euros, inscrito no Rexistro Especial de Avais da entidade co nº 02-10014006 en data 17/03/2009.

Con cargo a este aval se incautará a cantidade correspondente aos gastos nos que esta Administración ten que incorrer para executar subsidiariamente os traballos de arranxo necesarios que, segundo a relación detallada e valorada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras adxunta ao seu informe emitido o 17 de marzo de 2015, ascenden a 7.312,19 euros, sen prexuízo do que poida resultar da liquidación definitiva unha vez se teñan executado efectivamente as obras.

A tal efecto, dar traslado da presente resolución a Tesourería municipal.

Destinar, unha vez que sexa efectiva, a referida cantidade ao arranxo das deficiencias detectadas nas obras.

CUARTO.- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Construcciones Gamallo, S.L.U. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.

A tal efecto da execución subsidiaria, unha vez efectuados os trámites de incautación pola Tesourería municipal e feito efectivo o seu importe, o comunicará ao servizo xestor do presente expediente.

QUINTO.- *Notifíquese a presente resolución aos interesados, con indicación dos recursos procedentes.*"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(772).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.